

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 29 DE XUÑO DE 2017

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e nove de xuño de dous mil dezasete, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de novembro de 2016, á sesión extraordinaria e urxente do día 12 de decembro de 2016, á sesión extraordinaria do día 12 de decembro de 2016 e á sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de novembro de 2016, á sesión extraordinaria e urxente do día 12 de decembro de 2016, á sesión extraordinaria do día 12 de decembro de 2016 e á sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2016.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- vinte concelleiros na sesión ordinaria do día 30 de novembro de 2016, na sesión extraordinaria e urxente do día 12 de decembro de 2016 e na sesión extraordinaria do día 12 de decembro de 2016 [os seis concelleiros do PP; os catro concelleiros de UxC que se relacionan: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]
- dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2016 [os seis concelleiros do PP; os catro concelleiros de UxC que se relacionan: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández; os tres concelleiros do PSdeG-PSOE que se relacionan: dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Aprobación inicial do acordo de imposición e ordenación de contribucións especiais para a execución da obra “Acondicionamento da fronte na rúa Sixto 7-A e anexas”

Vista a proposta de Alcaldía do día 19 de xuño de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“A Ordenanza Fiscal nº 20 do Concello de Cambre regula as contribucións especiais, establecendo que o concello poderá acordar a súa imposición e ordenación, sempre que se dean as circunstancias conformadoras do feito impositivo establecidas no artigo 1º da ordenanza. Así, o feito impositivo estará constituído pola obtención, polo suxeito pasivo dun beneficio ou dun aumento do valor dos seus bens, como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos, de carácter municipal, polo concello.

Considerando que polo concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente considérase necesario levar a cabo o acondicionamento do fronte das vivendas sitas en rúa Sixto 7-A e anexas para o que solicitou a redacción dun proxecto ao departamento de obras e servizos, co obxecto da definición técnica e económica das obras necesarias para tal efecto.

Vistos os informes emitidos polo xefe de servizo de planeamento e xestión solicitado polo concelleiro acerca da equidistribución das contribucións especiais que se prevé repercutir aos propietarios das parcelas, con referencias catastrais 3544985NH5934S0000IM, 3544986NH5934S0000JM e 3544984NH5934S0000XM, polas obras de acondicionamento do seu fronte.

Visto o informe emitido polo xefe da área de Urbanismo, a petición do concelleiro, no que se fai constar que as obras descritas na memoria son independentes das esixibles pola normativa urbanística en vigor no momento de concesión das vivendas e a normativa en vigor na actualidade.

Visto o informe emitido polo xefe da área de Urbanismo, a petición do Interventor co obxecto de dilucidar se o financiamento da obra prevista tería de ser mediante a figura ou non das cotas de urbanización, ante o seu descoñecemento na materia, no que fai constar que as obras non forman parte de ningunha actuación de carácter integral en núcleo rural, nin de ningún polígono ou unidade de execución e engade que nas licenzas de construción concedidas na zona non foron esixidas obras de urbanización, o que parece indicar que xustifica a non aplicación das cotas de urbanización.

Visto o informe do 19 de xuño de 2017 da enxeñeira técnica de obras públicas, que fai constar que as obras a executar poderían estar encadradas entre as recollidas no artigo 3º da ordenanza fiscal xeral de contribucións especiais deste concello, concretamente no epígrafe d) Polo ensanchamento e novas instalacións das rúas e prazas xa abertas e pavimentadas, así como a modificación das rasantes.

Visto o informe de Intervención de 19 de xuño que, logo de recabar o informe do xefe da área de Urbanismo que conclúe que a obra non debe financiarse coas denominadas cotas de urbanización, senón que poderá financiarse por medio da imposición de contribucións especiais.

Por todo isto, proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Acordar provisionalmente a IMPOSICIÓN de contribucións especiais para a execución da obra “Acondicionamento do fronte na rúa Sixto 7-A e anexas” nas vivendas sitas na rúa Sixto, con referencias catastrais 3544985NH5934S0000IM, 3544986NH5934S0000JM e 3544984NH5934S0000XM, fixando a base impositiva das contribucións especiais no 90 % do custo que a entidade local soporte pola realización da obra, atendendo ao beneficio especial que obteñen os propietarios das citadas vivendas no incremento do seu valor.

Segundo: Acordar, provisionalmente, a ORDENACIÓN das citadas contribucións especiais, que se rexerá pola ordenanza fiscal que segue e, no non previsto naquela, polo establecido na Ordenanza Fiscal nº 20, xeral de contribucións especiais, aprobada polo pleno da Corporación e actualmente en vigor:

2.1. Suxeitos pasivos.- Son suxeitos pasivos das contribucións especiais, de acordo co previsto no artigo 30.2. a) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os propietarios dos inmobles, que son os que se relacionan:

Ref. Catastral	3544984NH5934S0000XM	3544985NH5934S0000IM	3544986NH5934S0000JM
PROPIETARIO	PATRUCIAL, S.L.	Jorge Senín Vázquez/ Ana Isabel Castiñeiras Fraga	Roberto Tejedor Cabezas
N.I.F.	B15524135	46911482S / 47351218Z	46917527B
DOMICILIO	R/Pintor Pablo Manzano, nº 1, semis., 15660, Cambre	R/Amil nº 13, 2º B, 15660, Cambre	R/Sixto, nº 7-A, 15660, Cambre

2.2. Custo da obra: O custo da obra de “Acondicionamento do fronte na rúa Sixto 7-A e anexas” ascende á cantidade de DOCE MIL SETECENTOS SESENTA E SEIS EUROS E SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (12.766,66 EUROS), IVE incluído.

2.3. Base imponible, criterios de reparto e cotas tributarias: A base imponible cífrase na cantidade de ONCE MIL CATROCENTOS NOVENTA EUROS (11.490,00 EUROS) que equivale ao 90 por cento do custo do proxecto denominado “Acondicionamento do fronte na rúa Sixto 7-A e anexas”, e que será distribuída entre os suxeitos pasivos, proporcionalmente á superficie das parcelas e aos metros cadrados de fronte das mesmas, o que da lugar aos seguintes coeficientes e cotas tributarias:

Parcela	Superficie	Coef.sup.	Fronte	Coef.fr.	Coef. total	Base Imponible	Cota tributaria
3544984NH5934S0000XM	804,40	18,68	20,20	22,49	41,18	11.490,00	4.731,58
3544985NH5934S0000IM	645,25	14,98	7,80	8,69	23,67	11.490,00	2.719,68
3544986NH5934S0000JM	703,35	16,33	16,90	18,82	35,15	11.490,00	4.038,74
							TOTAL 11.490,00

Terceiro: Ordenar a publicación do presente acordo provisional, no taboleiro de anuncios do Concello, no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña e nun dos diarios de maior difusión da provincia da Coruña, polo prazo de 30 días hábiles, en cumprimento do establecido no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais. Durante o citado prazo, aqueles que teñan a consideración de interesados, de acordo co regulado no artigo 18 da citada norma, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 22 de xuño de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica a proposta formulada, que ten a súa orixe na solicitude presentada por un veciño respecto do estado no que se atopa a fronte da súa vivenda e na que demanda o seu arranxo e asfaltado.

Expón que as contribucións especiais son un elemento esencial para o financiamento da obra pública local, tan necesitada de recursos propios. Neste caso o Goberno municipal propón dar resposta a unha reivindicación acertada e razoable do solicitante, que é vivir cunha mínima calidade urbana na fronte das parcelas edificables, e actúa co instrumento máis aconsellable e oportuno neste tipo de operacións, que cre que son as contribucións especiais.

Pode que esta posición non satisfaga todas as expectativas do solicitante, na súa pretensión de que fora o conxunto de veciños de Cambre, cos seus impostos, os que subvencionaran a obra de urbanización da fronte da súa parcela, pero o Goberno entende que non se pode subvencionar cos recursos propios do concello, senón que se debe financiar mediante contribucións especiais.

Iso por dúas cuestións. Unha fundamentalmente porque as contribucións especiais non están para aquelas obras de apertura de obra nova, senón de complemento de outras obras, en frontes de parcela,

cando se entende que esa fronte de parcela urbanizada xera unha plusvalía na propia parcela. Polo tanto, o que fai a lei é distinguir, e se con esa obra de urbanización se xera unha plusvalía nunha parcela, está ben que o dono desa parcela pague máis que os demais.

Pode parecer excesivo que esa plusvalía xerada sexa o 90% e a dos demais, a de todos os veciños que van pasar por esa beirarrúa e tamén se benefician, sexa do 10%, pero a lei é o que marca. Entende que se alguén ten unha fronte de parcela e se urbaniza, xérase unha plusvalía, e o beneficiado debe devolver parte desa plusvalía, desas ganancias que vai ter pola parcela. Parte desas ganancias debe devolvelas á administración, coa achega da urbanización do 90% e do 10%.

Isto coincide, curiosamente, co tema do aproveitamento tipo nas urbanizacións, nos solos urbanizables, que son o 90% para o propietario e o 10% para a administración. Polo tanto, aí hai unha especie de reflexión de que é o 90 e que é o 10%.

O Goberno municipal propón dar resposta a unha reivindicación acertada e razoable, como xa dixo, e para iso actúa co instrumento das contribucións especiais. Xa dixo tamén que pode que esta última parte non satisfaga as expectativas do solicitante na súa pretensión de que fora o conxunto de veciños de Cambre, cos seus impostos, os que subvencionasen a obra de urbanización da fronte da súa parcela, pero é a forma máis correcta de actuar en defensa do interese xeral.

Conclúe dicindo que ese é o principio ou directriz que rexe as actuacións do Goberno municipal, e que agarda que sexa referendado por este Pleno, non para gloria do propoñente, é dicir do Goberno, senón para dotar de continuidade a súa aplicación, con independencia de quen governe.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o Goberno de Cambre tráelles para aprobar unhas contribucións especiais que van gravar concretamente a tres veciños, con nomes e apelidos. Están falando dunha obra que custa 12.000 euros, e reparten por coeficiente entre eses tres veciños.

Isto supón a aplicación dunha ordenanza que nunca ten sido utilizada en Cambre, nunca, e de súpeto trátase de aplicar e tráena a este pleno para que todos sexan corresponsables do que se vai aprobar, unha ordenanza do 30 de xaneiro do ano 1992. Teñen pasado uns cantos anos, e o actual Goberno vai aplicala con tres veciños, e vai facelo con nocturnidade e aleivosía, ou ben, non tanta, porque o puxeron na prensa, que é a maneira que teñen de darlle coñecemento aos veciños afectados, mediante unha manifestación na prensa. O señor concelleiro di, punto por punto, que é o que vai facer e como o vai facer, con todo detalle, declaracións do Sr. González Leirós en 'A Opinión'.

Continúa dicindo que o Grupo Municipal Popular non pode estar de acordo con esa maneira de actuar, non poden estalo, porque o lóxico é que o concelleiro se tivera reunido cos tres veciños afectados, lles comunicase que se ía poñer en funcionamento esa ordenanza, e chegase a un acordo con todos eles. Sería o máis fácil, pero non, Cambre utiliza unha fórmula nunca usada para que veciños paguen o 90% das súas beirarrúas. E, por certo, no proxecto da enxeñeira, se el non se equivoca, porque el non enxeñeiro de camiños, non viu por ningún sitio que se constrúan beirarrúas, aínda que xa di que pode estar equivocado. Viu temas de arranxos, facer gabias, meter tubos, facer arquetas, pero non viu o tema das beirarrúas.

El se pregunta se a partir de agora isto vai ser así en todo Cambre, porque claro, pregunta por que non teñen aplicado isto dende hai dous anos, que é o que levan no Goberno. Iso é o que se pregunta, porque loxicamente se teñen feito obras en Cambre nestes dous anos, e el non ten visto que teñan aplicado esta fórmula en ningunha.

Conclúe dicindo que, polo tanto, o grupo do PP, xa llo dixo antes e volve dicilo, vai votar en contra da proposta.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que eles van solicitar que este asunto quede enriba da mesa e van explicar o por que. Na proposta informan que o feito impositivo da contribución especial estará constituído pola obtención por parte do suxeito pasivo, neste caso dos tres suxeitos pasivos, dun beneficio, ou dun incremento do valor dos seus bens como consecuencia da realización de obras públicas, ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos de carácter municipal polo concello. Di que está lendo literalmente da proposta.

Ata aí poderían estar de acordo, sempre que se lles xustificase ese incremento de valor, pero a partir de aí comezan os problemas coa proposta que se trae. Nas comisións informativas de hai unha semana, así como en prensa, como xa facía mención o Sr. Rivas, facíaselles saber, e le literalmente a nota de prensa, que o Sr. González Leirós defende que a lei prevé que cada propietario urbanice o espazo público entre os seus terreos e a vía. Iso é certo.

En prensa dicía tamén o concelleiro, e repetiuno nas comisións informativas, que os veciños tiñan as súas fronteiras en terra ata que o concello, aos 15 anos, pasaba por alí e lles facía as beirarrúas. Iso dito en prensa. Tamén dixo que dende hai 30 anos o concello de ao lado aplica este sistema, ela entende que se refire a Oleiros, e que os donos teñen a obriga de facer as súas beirarrúas, que en Cambre van atrasados, que teñen a normativa pero teñen que poñerse ao día na súa aplicación, porque a carga non é do concello e non deben pagarllelo aos particulares. Son todas declaracións do señor concelleiro, insiste.

Continúa dicindo que nas comisións informativas o seu compañeiro de grupo municipal preguntoulle ao Sr. González Leirós se tiña falado cos afectados pola imposición destas contribucións especiais e, se non se equivoca, a súa resposta foi que non, que primeiro se ía traer a pleno e que con posterioridade se falaría cos afectados. Ela cre que precisamente por iso se atopan agora mesmo na situación na que se atopan.

Son plenamente conscientes de que soamente son dous concelleiros en ACdC e que a súa petición de que quede enriba da mesa non ten por que ser atendida, pero considera que necesariamente ten que quedar enriba da mesa este asunto, por graves defectos e informacións inexactas, por dicilo dun xeito suave.

Explica que no perfil do Facebook do Concello de Cambre, que é un perfil oficial do Concello de Cambre, din literalmente, onte ás 18:00 horas, e ten os pantallazos se os queren ver, o seguinte: "Non, non son beirarrúas do que fala o proxecto, repito e reitero, non son beirarrúas. Trátase de asfaltar unha zona de terra que, segundo os técnicos municipais, non corresponde facer ao concello. Pero repito, se teñen algunha dúbida, o mellor é que pidan o documento no que non se fala de beirarrúas". Están referíndose a un dos afectados que protestaba pola deficiente proposta que lles traen hoxe a pleno.

Considera que teñen que retirar o asunto da orde do día, porque isto do que están a falar é dunha gravidade que roza o delituoso, e vailles dicir o por que. Pregunta cando tiñan pensado informar ao resto de membros desta Corporación que onde dicían beirarrúas publicamente, en prensa, agora din que non dicían beirarrúas. Di que non é o mesmo poñer unha beirarrúa que non poñela, e na documentación que eles teñen non se fai esa aclaración, teñen que ter coñecemento polas redes sociais. E aquí, a diferenza que hai entre eles, concretamente entre o alcalde e ela, é un bastón, pero entre os demais non hai ningunha diferenza, son todos concelleiros, e teñen dereito a saber que se vai facer nesa urbanización. Primeiro din beirarrúas, e despois, ás 18:00 da tarde do día de onte, retráctanse e din que non.

Máis grave que iso aínda lles parece que se fixe unha base impositiva do 90% do custo da obra, e volve entrecomiñar o informe “atendendo ao beneficio especial que obteñen os propietarios das citadas vivendas no incremento do seu valor”, que é o que acaba de dicir o señor González Leirós agora mesmo e a forma de xustificar ese 90%. É dicir, que o Goberno calcula que o incremento de valor que van ter esas tres vivendas é tan elevado que terán que aboar, segundo informes, 4.000 un, case 5.000 outro, e case 3.000 euros respectivamente.

A ela gustaríalle, e supón que ao resto dos membros da Corporación tamén, por estar informados, que acompañaran esta proposta cun cálculo da plusvalía real que van sufrir esas vivendas, porque din que se vai incrementar o seu valor, pero ela preguntalles canto, un euro, 500.000 euros, canto se vai incrementar o valor desas vivendas. Non é o mesmo se fan beirarrúas que se fan unha beiravía, que supón que será o que se faga, non o sabe.

Din simplemente que se incrementa o valor das vivendas, e con esa peregrina e inxustificada afirmación, deciden, sen falar cos afectados, que esa é a parte máis grave de todo o asunto, impoñer unha contribución, sen saber exactamente se os veciños van poder asumir ese importe. Porque o Goberno non fala, primeiro aproba, e despois lles piden 5.000, 4.000 e 3.000 euros.

Neste punto, xórdenlle dúas dúbidas. Primeiro, dado que non se van facer beirarrúas, se de verdade custa 12.000 euros o asfaltado. Esa é unha pregunta que lanza ao aire, porque ela tampouco é que saiba moito de cemento e de grava, pero parécelle caro. Segundo, tamén se pregunta o que dicía antes, se se incrementa igual o valor dunha vivenda á que se lle pon unha beirarrúa diante, que unha á que non se lle pon.

Continúa dicindo que eles traen os deberes feitos, e está autorizada para dicir que unha das propiedades afectadas xa sufriu unha minoración pola cesión de terreos que se ten que facer cando se solicita a licenza de obra. No caso concreto que lle está indicando, esa minoración, eses 100 metros que se tiveron que ceder ao concello, está valorada aproximadamente en 17.000 euros. Entende que con esta proposta, a plusvalía que vai experimentar a vivenda dese veciño de Cambre, por un asfaltado, que non por unhas beirarrúas, vai ser superior a eses 17.000 euros, porque se non é así non ten sentido cobrarlle o 90% da obra. É dicir, pregunta en que valor ese veciño vai incrementar o valor da súa vivenda, en 17.000, 18.000 ou 19.000 euros. Esa pregunta, e dille ao señor concelleiro que non lle dea á cabeza, é unha pregunta que se fan calquera deles.

Dende o Goberno dinlles que teñen informes favorables, pero ela ve no informe do xefe da Área de Urbanismo a seguinte frase: “á súa vez as obras recollidas na dita memoria non foron esixidas nas licenzas de construción concedidas ás edificacións existentes no seu ámbito de actuación, nin tampouco se atopan entre as obras de urbanización ou de conexión ás redes de servizos existentes, que son esixibles aos propietarios de solo de núcleo rural, de conformidade co artigo 172 da Lei 9/2002”, lei que precisamente era a que estaba en vigor cando se concederon esas licenzas de edificación.

O que é o mesmo, e volvendo as declaracións do señor concelleiro en prensa, dicía que os veciños tiñan as súas fronteiras das vivendas en terra ata que o concello, aos 15 anos, pasaba por alí e lles facía as beirarrúas. Pregunta se lle pode explicar por que motivo estes veciños teñen un tratamento diferente a outros veciños. Lémbrolle que están falando de licenzas do ano 2010, e o Goberno pretende facer pagar por algo que nin sequera saben o que é, cando ao resto dos veciños se lle facía gratis.

Dálle a sensación de que van aplicar unha norma porque si, e con efectos retroactivos. Non sabe se ao resto dos veciños do Concello de Cambre que se atoparon nesta mesma situación van pasar a

liquidarlles esa contribución especial. Saben que non poden facelo, pero igual se lles ocorre.

Polo tanto, son moitas as explicacións que hai que dar deste asunto, non só aos grupos municipais, sobre todo aos afectados, pero tamén ao resto dos veciños porque, efectivamente, isto crea unha inseguridade xurídica tremenda, porque non saben o que pode pasar mañá con estas contribucións especiais, onde está o tope, onde está o límite, que lei aplican, a Lei do solo actual, exactamente en que situación xurídica quedan no Concello de Cambre.

Tamén lle di outra cousa, o que non poden consentir é que de todo este tema a rúa Sixto siga na situación na que está. Iso si que non o poden consentir. Un concello como Cambre ten, necesariamente, que adecuar as condicións viarias desa rúa, pero iso non significa que de súpeto saquen da manga unha figura que obrigue a pagar por algo que o resto non pagou, que non se lles dixo que tiñan que pagar, e sobre o que ademais os veciños nin sequera están informados de que o concello toma esa decisión de forma arbitraria.

Pregunta se o señor concelleiro ten idea de se eses veciños teñen capacidade económica suficiente para afrontar esa cantidade de diñeiro. E dille máis, un deses tres propietarios, vai dicilo dunha forma moi prudente, non está en situación xurídica suficientemente válida como para que se lle esixa ese diñeiro. A súa situación xurídica é complicada, e tería un xuíz que solicitar o depósito dese diñeiro, e sabe o concelleiro do que fala, e senón despois llo explica, porque non quere tampouco meterse onde non debe facelo, despois llo explica

Quere dicir con isto que se a dous dos tres veciños, que si teñen capacidade xurídica, non di económica, que iso non o saben nin dende o Goberno lles preguntaron, por exemplo a ela agora mesmo faille depositar 5.000 euros e dálle un tembleque, pero xa lle di, se dous deses tres veciños si que efectivamente poden depositar ese diñeiro, e o depositan, e hai un que ela lle asegura que non pode depositalo, e que ademais non llo poden esixir pola súa condición xurídica actual, o Concello de Cambre vaille requirir ese diñeiro e non vai poder facer a obra. Iso non sabe se o señor concelleiro o sabe, pero dillo ela.

O señor presidente solicítalle á concelleira que vaia rematando a súa intervención.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que, por último, dicirlle ao resto da Corporación que solicita que se retire o asunto da orde do día porque votalo tal e como está pode incorrer nunha figura que está tipificada no Código Penal, que se chama prevaricación, e o Sr. González Leirós coñece a un alcalde que hai 11 anos foi imputado polo caso das contribucións especiais, o Sr. Ángel García Seoane, en Oleiros, por un asunto que non di que igual, pero si parecido a este.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende o seu grupo non entenden como traen isto a pleno habendo dous informes contrarios, o do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior e o de Intervención. Hai dous informe do xefe da Área de Urbanismo, un do día 16 e outro o do día 12, do cal xa se mencionaron aquí algúns parágrafos. No do día 16 é onde se di que non forman parte de ningunha actuación de carácter integral no núcleo rural, nin de ningún polígono, ou unidade de execución na que se leve a cabo unha actuación sistemática que esixa aos propietarios que se custee por parte deles e que se execute a obra de urbanización. Habendo ese informe do xefe da Área de Urbanismo, non entenden como o Goberno pasa a aplicar as contribucións especiais, cando xa se lles está dicindo, por dúas veces, que non.

Di o Sr. González Leirós que os veciños de Cambre non teñen por que pagar cos seus impostos as beirarrúas, pero é que eses propietarios tamén pagan impostos. E páganse os impostos para ter beirarrúas, para ter mellor calidade de vida.

Se o Goberno, como mencionou o Grupo Popular, tivera falado cos donos e isto fora un acordo voluntario por ambas partes, aínda habería un motivo para telo traído aquí, pero que queiran facelo por imposición, tendo o informe xurídico en contra, fai que o seu grupo vaia votar esta proposta en contra, e dálles bastante medo que traian estas cousas así aos plenos.

Entenden que é moi difícil para o Goberno ter que posicionarse nun tema tan delicado, pero o que están facendo sinceramente é un abuso, un abuso porque non o consensuaron cos donos. Debería ser o propio Goberno o que retirase a proposta, e non facer aos grupos da oposición ter que votar. Deberían ser eles os que retirasen a moción.

Concedida a palabra ao señor interventor manifesta que quere realizar unha aclaración a unha das cousas que se dixo. Di que o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior emite un informe, e é Intervención quen solicita que emita outro, pero aclara que non o fai co sentido de saber se poden ou non impoñerse contribucións especiais, senón porque no informe fan unha distinción entre contribucións especiais e cotas de urbanización.

É dicir, dende Intervención o que preguntaron é se eran obras inherentes á urbanización, e o xefe da Área de Urbanismo contesta que esas obras non se poden esixir como cotas de urbanización, é dicir, como obras inherentes á urbanización. As contribucións especiais son obras municipais das cales se benefician particulares, e por iso se impón ese tributo. Non sabe se está a explicarse con corrección.

A dúbida que tiñan no informe de Intervención era se iso se podía financiar con contribucións especiais, ou se era algo que xa estaba previsto como obras obrigatorias mediante cotas de urbanización. Por iso lle preguntaron ao xefe da Área de Urbanismo. El o que respondeu é que estas obras non son de urbanización, co cal non son obrigatorias como cotas de urbanización para os particulares, senón que son obras municipais que se queren que se cofinancien por parte dos particulares, deben derivarse mediante contribucións especiais.

É dicir, non hai unha contradición entre o informe do xefe da Área de Urbanismo e o informe de Intervención, é máis, en Intervención pediron unha aclaración nese sentido. Quere deixalo claro, porque parece que entendían que son informes contradictorios e non. Os informes neste caso van na mesma liña, pero a pregunta non é se lles corresponde ou non lles corresponde, a pregunta é cal é a figura máis correcta para o pagamento, as contribucións especiais ou as cotas de urbanización. Non sabe se aclarou ben o asunto.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que, se lle permiten, vai comezar por contestar á intervención de Ciudadanos. Xa explicou o señor interventor a diferenza entre cotas de urbanización e contribucións. El non quere facer aquí unha exposición escolástica nin doutoral, pero cre que hai que aclaralo, porque como ben dixo a voceira de ACdC, parece que hai moitas cousas que aclarar, e a primeira cousa que hai que aclarar é se as lexislacións están para aplicalas ou están para non aplicalas e deixalas para que o devir do tempo as vaia matizando, e asumilas porque si.

El cre que o Goberno municipal está para aplicar a lexislación, se ben recoñece, porque evidentemente pode admitir unha crítica, que se podía ter falado cos interesados. Ben, esa é unha crítica aceptable, pero cren que a lexislación hai que aplicala, e sobre todo cando o concello necesita financiar as súas obras de urbanización, e máis nun concello onde hai unha deficiencia na xeración de activo para poder promover, porque non sabe se o saben, pero deberían sabelo, que o concello vive das subvencións. Practicamente as obras públicas que se fan son porque están subvencionadas pola Deputación e pola Xunta, senón mal parados ían, porque non poderían gastar un duro nin en beirarrúas, ou pouca cousa, mantemento e conservación é para o que dá. Pero ben, isto foi un inciso.

Oxalá tiveran moito diñeiro e non tiveran que aplicar contribucións especiais, sería o ideal, non habería problema. O problema é que non teñen máis diñeiro e que o diñeiro que hai teñen que axustalo, hai que aquilatalo e hai que colocalo naquelas zonas onde haxa que colocalo. Por exemplo, a rúa Sixto ten un problema de urbanización nun lateral, pero pola súa parte o Paseo Marítimo do Temple ten un problema de deterioración do asfalto en toda a extensión da rúa. Pois haberá que elixir onde se coloca.

Por exemplo, hai outras urbanizacións, como é a rúa de Pravio, que vai dende a antiga fábrica de metalúrxica ata o cruzamento de Cecebre, que é dunha grande intensidade diaria, porque pasan coches por alí para comunicar dúas zonas, e ten un asfaltado deplorable. Pois ben, hai que elixir, porque oxalá tiveran diñeiro para todo, pero non o teñen, esa é a cuestión.

As cotas de urbanización son unha obriga do propietario, que ten que pagar o 100%, porque está englobada nun polígono, e polo tanto son xeradas e dependen dun proxecto de compensación, reparcelación, etc.

Non quere ser pedante, pero recoméndalles un libro que ao mellor lles axudaría, 'O financiamento da obra pública local a través de contribucións especiais e cotas de urbanización', que el xa leu, e no que se explica que a contribución especial é un imposto ou unha taxa, e o Estado permite con esa normativa e con esas ordenanzas aplicar ese imposto e taxa. Polo tanto, o Goberno municipal non está de ningunha forma fóra da legalidade. Quizais non teñen atendido a falar cos propietarios, pero fóra da legalidade en ningún caso. Prevaricación en ningún caso.

Tamén di que non é un abuso. Quizais é un exercicio de poder que ninguén se ten atrevido a facer, pero ás veces hai que facelo. Ao mellor hai que explicalo, e niso están de acordo, pero hai que facelo, porque senón non se poden facer as obras. Non é un abuso. O de utilizar a palabra abuso sen coñecer, parécelle excesivo. Por iso pide contención nas palabras, primeiro o discuten e despois poden chamalos o que queiran chamalos, pero unha vez discutan o tema. Pide por favor que primeiro formulen as súas opinións, e non que empecen cos insultos ou coas observacións negativas para despois non entrar en discusión, porque así entran nunha dinámica de non entenderse. Primeiro hai que obxectivar, ser razoables, razoar as cousas, e despois xa se insultan ao final se teñen que facelo.

A continuación dille á voceira de ACdC-SON que si hai un incremento do valor. O incremento de valor a lei di que é do 90-10, e ese 90-10 aplícase sobre a obra urbanizadora que se vai realizar, polo tanto é proporcional ao elemento que se realice, con beirarrúas ou sen beirarrúas. Esa é a cuestión. É o 90% de 100, se a obra vale 100; o 90% de 50 se vale 50; e o 90% de 40 se vale 40.

En canto á beirarrúa da que falou e dixo que non existía, vaille contar cal é a diferenza entre a beirarrúa e a non beirarrúa. A diferenza é que o proxecto que presentara no seu momento o propietario que ten demandado que se urbanice a fronte da súa vivenda, ten un apartado no que se di saneado de blandón en calzada, polo tanto estase facendo fóra da parcela. El mesmo está admitindo que ten que facer esa urbanización. Segundo, o proxecto tamén di bordo de formigón, monocapa de cor gris, bordo, limpeza, incluír escavación previa, en calzada. Outro apartado é o das partidas orzamentarias 21.08, 21.09 e 21.10 que o propietario presenta, que falan de mestura bituminosa en frío, tipo D-20, en capa de rodadura ou intermedia con áridos, en calzada e beirarrúa. O que quere dicir é que cando falan das beirarrúas están falando dese asunto, desas beirarrúas que o particular menciona.

O concello, para que non lles custe tanto, decidiu no proxecto que presenta a técnica municipal, non facer a beirarrúa, porque custaba máis, e porque entendían que esa era unha carga que os propietarios en principio tiñan aí dúbidas, ou non dispuxeran ou previran. Pero insiste, nesta si.

Continúa dicindo que todos os propietarios teñen feito as instalacións fóra das súas vivendas, de acometidas a todas as redes. Esa é obra de urbanización, e téñena feito. Pola contra, as obras da calzada non as teñen feito. Polo tanto, cando falan das beirarrúas está moi claro, non están enganando a ninguén, están falando diso.

Respecto dos temas de prensa. El non ten falado con ningún xornalista de todo o que saíu en 'A Voz de Galicia', directamente non ten falado con ningún xornalista. Diso debería saber bastante o Sr. Rivas, porque estes mesmos argumentos tenos utilizado el. Eles non o crían, pero agora que están no Goberno municipal danse conta que ás veces é así, tradúcense cuestións que eles nin dixeron, nin comentaron.

No referente a que as contribucións especiais en moitos casos hai que aplicarlas, iso o confirma e o reafirma, e iso é política municipal respecto do que se chama financiamento da obra pública. Poden adoptar a postura de ser paternalistas e decidir que lle van pagar a obra pública aos veciños, ou poden utilizar as normas, explicándoo, niso está de acordo, e dicirlles que teñen que achegar todos a súa parte, porque isto non dá para máis. Esa é a decisión que teñen que tomar.

Respecto do PP entende que tomen esa posición, non por nada, sinxelamente por ideoloxías distintas, non porque sexa mellor ou peor, pero de ACdC resúltalle un pouco discordante que se pense así, porque cre que o público é esencial para eles, e é esencial que se realicen as obras sobre o público.

Vailles dar un dato. Todas as edificacións que se están realizando en solo urbano, tanto plurifamiliares como unifamiliares, teñen a obrigaón por lei de realizar as obras na fronte da súa parcela. Non a rúa, pero si o ámbito que hai entre a rúa actual e a zona de cesión, todas, artigo 19 ou 20, cre que é. Hoxe en día tamén as de solo rural teñen a obrigaón, cre que é o artigo 20 ou o 21 da Lei do solo de Galicia do 2016.

É certo que no 2010 a Lei non dicía que non, pero era ambigua, e no Concello de Cambre non se estaba aplicando ese tipo de normativa. Dende logo, se naquel momento se tivera sido un pouco máis incisivo neste tema está seguro de que se tería aplicado e non tería pasado nada.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que o seu grupo vaise sumar á petición do grupo de ACdC-SON de deixar este asunto sobre a mesa, e cren que é polo ben de todos, así o cren. O Sr. González Leirós dille que debe saber moito da prensa, e si, cando el falaba a prensa podía dicir máis ou menos, pero cando a prensa poñía "di Rivas", é que Rivas tiña dito algo, senón non poñía "di Rivas", e aquí a prensa, que é 'A Opinión', non 'A Voz de Galicia', di que "sinála Leirós". El o único Leirós que coñece é o señor concelleiro.

Porque alguén llo tivo que dicir á prensa, porque se non a prensa, concretamente Sara Vázquez, non di iso. Alguén llo tivo que comunicar, ao mellor foi o seu gabinete de prensa, o seu asesor de prensa, el non o sabe, pero non cre que Sara Vázquez se arrisque a poñer algo dicindo que "sinála Leirós".

Pero di máis. Pregúntalle ao Sr. Leirós por que agora, por que agora e sen falar cos afectados. Pregunta que diferenza teñen eses veciños respecto dos demais. Se aplican unha ordenanza que está aprobada hai 17 anos, e que non se utilizou nunca, e que se utiliza agora, polo menos deberían ter falado cos afectados. Ou pregunta se ao mellor hai un enfrontamento por parte do concello con eses veciños. Dinlle que non, pero que quere que lles diga, cando vai á páxina do concello, como dixo a voceira de ACdC, e ve os comentarios entre un tal Roberto Tejedor e o Departamento de Urbanismo. Non os vai ler aquí, aínda que os ten.

Pídelles que, se queren chegar a bo fin con isto, que sexan prudentes, que o retiren da orde do día e non lles fagan votar, porque votarán en contra, e o Goberno será o que asuma toda a responsabilidade do que está facendo, cando o lóxico é que isto sexa algo consensuado e que todos voten a prol, polo ben dos veciños de Cambre e polo ben deses tres veciños, aos que, ademais, nin sequera se lles ten notificado.

Conclúe dicindo que lle parece un “trágala” que el dende logo non está disposto a apoiar.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López pídelles de verdade ao Sr. González Leirós que, por favor, o retire polo mesmo que acaba de dicir o Sr. Rivas. Non se trata de votar a prol ou votar en contra, trátase, e non quere lembrarlle o Edusi, trátase de que fagan as cousas ben, e non ter, que lle perdoen a expresión, recuar despois.

O señor concelleiro non lle contestou a ningunha das preguntas que lle fixo de xeito claro. Canto é o que se incrementa o valor das vivendas. Ela a proposta leuna, non sabe se el leu a proposta neste caso de Alcaldía. O concelleiro di que se incrementa o 90%. Na proposta de Alcaldía, que é o documento que ela ten, non ten outra cousa, e o que está escrito está escrito, e dille a verdade, a estas alturas pesa máis do que lle di o Sr. González Leirós, na proposta dise que a base impositiva fíxase no 90% do custo, atendendo ao beneficio especial que obteñen os propietarios das citadas vivendas no incremento do seu valor. Non se fala do tanto por cento de valor que se incrementa, non se fala diso.

Insiste no mesmo. Pregunta se saben se teñen capacidade para executar os tres importes, porque volve dicirlle, e a iso tampouco lle contestou, a dous deles se non pagan poderanlles embargar, pero a un deles non lle poden embargar. E volve a dicirlle o mesmo, ela trae os deberes feitos, pero ve que o señor concelleiro non os trae, porque na intervención anterior fíxolle coa cabeza que non o sabe, e por iso ela lle dixo que despois llo explica, pero xa debía de sabelo. Entón, van depositar diñeiro e non se van poder realizar as obras, e iso aínda é moitísimo máis grave. E non son 50 euros.

Outra cousa que lle ofende moitísimo é que o señor concelleiro trate de explicarlle a ela que é unha contribución especial, e que a contribución é unha figura xurídica absolutamente válida. Claro que si, por suposto que si, unha contribución especial é unha figura xurídica e unha figura tributaria perfectamente válida. Pero para este caso non. Para este caso non, porque esa contribución especial está collida con pinzas para poder, entre comiñas, non sabe se castigar a determinados propietarios de determinada zona. E vaille dicir o por que. Porque non unicamente esas tres vivendas se van ver beneficiadas, se ese fora o caso, desas obras, porque hai máis terreos e non se lles require nada. Porque hai un restaurante que tamén se vai ver beneficiado diso, e que non se lle require nada. Pregunta por que a eses veciños si e ao Cenador non. Pídelles que llo explique. Por que a eses tres veciños si e aos outros non. Porque vanse beneficiar outros.

E faille tamén outra mención a outra cousa que está moi fea, pero que como o Sr. González Leirós non a dixo na prensa, entón vaille botar a reprimenda ao xornalista. Está tamén moi feo dicir que se lles fan as beirarrúas. Dille que as beirarrúas non son de ninguén, as beirarrúas son de todos, porque por esa beirarrúa pasa ela, porque se unha beirarrúa fose dela podería pechala e montar alí unha piscina. Dille ao Sr. Concelleiro que iso non se pode dicir, iso de que se lle van facer as beirarrúas á xente.

As beirarrúas, os bens públicos, os servizos públicos, é a súa obriga que estean a disposición dos veciños do concello. A través da fórmula que sexa necesaria, porque está convencida de que ningún deses propietarios se nega a asumir a parte que corresponda, pero non con esta chapuza de proposta, porque isto é traer algo por traer. Dicir, veña, o 90%. Dille que non, que o xustifique, e cando estea xustificadamente seguramente os propietarios dirán, vale, así si. E a todos por igual, claro, non a tres.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo dille en primeiro lugar ao Sr. González Leirós que non foi Ciudadanos quen mencionou a palabra prevaricar, foi outro grupo, eles o que si pronunciaron foi a palabra abusar, iso é verdade. Fixérono porque o Goberno non intentou falar cos propietarios para chegar a un acordo con eles.

Eles non son técnicos. O concelleiro tráelles aquí un libro e de verdade que lle di que o van ler, asegúrallo, pero é que o Goberno tampouco lles ten explicado se nalgún momento o concello adquiriu o compromiso con eses veciños de facer esas obras, porque tamén é unha dúbida que se presenta e que non lles explicaron.

Polo tanto, seguen pensando igual que o resto dos grupos, que isto hai que volver a miralo e estudalo, que é algo que se debe consensuar entre todos os grupos, por iso, se desexan retiralo, ben, senón votarán en contra.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo quere intervir neste debate, tendo en conta a importancia que ten, e fano como membros do equipo de goberno, con orgullo, por unha cuestión, que é que hoxe están aquí debatendo a aplicación dunha normativa que tendo un cuarto de século dende a súa aprobación por parte deste concello, nunca se aplicara.

Preséntase iso como unha anomalía, pero quizais a anomalía non é tanto de quen 25 anos despois comeza a aplicar a normativa, como de quen durante 25 anos nunca a aplicou. Teñen que poñelo en perspectiva, aplicar unha visión retrospectiva para ver como evolucionou o urbanismo, como evolucionou a dotación de servizos e a propia urbanización de zonas comúns en determinados concellos, sen ir máis lonxe desta comarca, limítrofes con Cambre, e como evolucionou aquí.

Esta é unha medida dura, é unha medida loxicamente difícil, dende o equipo de goberno poden concordar, e así o asumen, que as formas dende logo son mellorables, saben que é unha decisión dura, que é unha decisión difícil, que é unha decisión posiblemente impopular, pero entenden que vai polo bo camiño.

O BNG participa dun goberno que entende que ten que facer prevalecer o interese público, e isto, aínda que non sexa moi sinxelo de ver, ao seu modo de ver si que fai prevalecer o interese público sobre determinados intereses privados. Aludían a iso de que pasa o concello e lles pon as beirarrúas como unha frase maldita, pois eles están realmente, dende unha óptica de esquerdas, dende unha visión progresista, dende a defensa do patrimonio público común, moi de acordo con esa cuestión, porque o que non pode ser en Cambre, de maneira sistemática, é que determinada xente, e dende logo non di que sexan concretamente estes casos, fagan unha gran casa, fagan un chalé, e logo deixen a calzada que vai ata a vía pública total e absolutamente sen urbanizar.

El cre que se fai de maneira total e absolutamente profiláctica, no sentido de que non hai ningún tipo de apriorismo á hora de saber a que veciños lles afecta ou a que veciños non lles afecta. Loxicamente hai que ter unha consideración social, niso si están total e absolutamente de acordo, e por suposto que el entende que no seu momento se verá, pero insiste, ao modo de ver do Bloque a de hoxe é unha medida valente, é unha medida que se debería ter tomado en Cambre hai moitos anos, que vai no camiño da modernización e da eficiencia do que debe ser un concello, que entenden moderno, áxil e transparente na súa xestión.

Entenden que non é fácil tomar a decisión, e sempre dalgunha maneira se emprazan a ver como evolucionan os acontecementos, como quedan as situacións. Quizais dentro de 5, de 10 ou de 15 anos, poidan facer balance de como redundou para Cambre positiva ou negativamente a aplicación das



contribucións especiais neste concello.

O señor presidente pídlle ao voceiro do BNG que vaia rematando a súa intervención.

Don Daniel Carballada Rodríguez sinala que finalmente dicir que non se pode, e o di con total e absoluta cordialidade, respectando como non podía ser doutra maneira o sentido do voto, non se pode dicir por un lado que hai nocturnidade e aleivosía e por outro lado que hai unha superexposición aos medios de comunicación e á prensa.

Conclúe dicindo que transparencia, toda a do mundo, están debatendo este asunto en pleno sen ningún tipo de limitación horaria estricta, e o seu voto e o seu parecer é lóxicamente apoiar a acción de Juan González Leirós e do departamento de Urbanismo.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que lle parece increíble que fagan a observación e deixen caer que a decisión ten algo que ver cos veciños, en contra dos veciños, en contra persoalmente dalgún veciño da rúa Sixto. Parécelle increíble e parécelle indignante. O actual Goberno municipal non fai o exercicio do poder machucando á xente.

Eles aplican o exercicio do poder a unha decisión moi clara e moi concreta. Hai un veciño que ten dereito a vivir de forma normalizada dentro dun ámbito urbano, e iso significa que ten dereito a vivir cos mínimos que lle permite ese ámbito urbano que, dende logo, tal e como está agora non os ten.

O veciño reclama, e dende o concello danlle toda a razón, porque a ten. Non poden deixalo de lado, nin poden agardar 15 anos a que ese veciño non teña a vivenda, pero neste momento hai un orzamento municipal habilitado que non lles permite facer esas obras e, polo tanto, acoden á vía que é necesaria. Por parte dos grupos que están facendo a súa defensa el preguntarlle a ese veciño se está disposto a estar outros tres anos sen as obras de urbanización, porque se el está disposto a estar outros tres anos, ao mellor agardan e habíllano nos orzamentos municipais.

A pregunta é se estará disposto. El imaxina que non, polo tanto aquí o que se está abordando é unha cuestión bastante clara. Hai un veciño que ten razón, que está vivindo nunhas condicións nas que ninguén nun só urbano debería vivir. Ten toda a razón do mundo, e esixe que se busque unha fórmula para que ese defecto se solucione.

O Goberno, agora mesmo, tal e como están os orzamentos, non poden habilitar a partida para xerar ese diñeiro para esa obra de urbanización mediante unha fórmula orzamentaria. Quizais mañá ou pasado, agora mesmo non. Ese veciño é esixente nesa condición, e ao Goberno non lle queda máis remedio que implicar aos outros dous veciños, porque nesa zona é imposible non facer a urbanización das tres parcelas, porque as tres teñen retranqueado.

Os límites téñense posto os mínimos posibles, unha muralla polo lado de aquí, unha muralla polo lado de alá e un pozo que levanta un metro a rasante do viario, porque iso hai que guarecelo enteiro, senón queda mal. Nunha costa dun 12, case un 14%, que como non a fagan dun so tirón, é imposible facelo.

Polo tanto, como non teñen orzamento, como o veciño esixe que se faga, como ten toda a razón do mundo de que se faga, porque ten o dereito, hai que facelo. Probablemente se isto pasara en Andeiro, e non por desprezar aos de Andeiro, e ninguén reclamara nada, pois aí quedaría por tres ou catro anos.

Intervén o señor presidente para pedir ao concelleiro que vaia rematando.

Don Juan González Leirós pide perdón, e aclara que non estaba falando de Andeiro por desprezar Andeiro, senón para que fagan unha comparativa. O veciño reclamou e eles teñen que buscarlle a solución, e a única solución que hai viable agora mesmo, son as contribucións especiais. É a única solución, e senón dille aos grupos que poñan eles o diñeiro, e entón farano, mentres tanto, non hai outra situación viable.

Conclúe preguntándolle ao Sr. Rivas se dixo que, no caso de retirar o asunto, estaba disposto a votar afirmativamente. Iso creu entender, que estaba disposto a discutilo e votar favorablemente.

A) Moción do equipo de goberno (UxC, PSdeG-PSOE e BNG) co fin de solicitar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a achega de fondos para a Comunidade Autónoma de Galicia na terceira convocatoria dos Fondos EDUSI

Consta do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Con data de 19 de xaneiro de 2016 o Concello de Cambre presentouse á 1ª Convocatoria dos Fondos EDUSI conxuntamente co Consorcio das Mariñas, cun proxecto que foi rexeitado polo Ministerio de Facenda e Función Pública ante a carencia de iniciativas urbanas sostibles que se incluían nel.

En outubro de 2016 publicouse a segunda convocatoria dos EDUSI cun prazo de presentación de dous meses para presentar o proxecto. Contratouse a empresa redactora da estratexia o día 24 de outubro e o proxecto presentouse na plataforma electrónica do Estado o día 13 de decembro de 2016.

A partir deste momento o concello comezou a traballar de forma individual nunca estratexia de cidade de desenvolvemento urbano sostible durante o período 2016-2020, a través dun proceso de participación cidadá, que aspirou a facilitar a acción urbanística, económica, medioambiental, cultural, social e de gobernanza do noso municipio.

Para iso, fíxose unha diagnose do territorio para configurar a organización e a estrutura deste, no que se plasmaron aspectos tales como os sistemas de espazos libres, os de necesaria protección ou preservación, o sistema de transportes, as redes de infraestruturas, os equipamentos e dotacións, as operacións estratéxicas, as zonas de desenvolvemento, etc.

Cambre 2020 xurdiu, pois, como un instrumento que sirva para actuar sobre novos obxectivos, coa vontade de resolver os problemas existentes e impedir que xurdan outros novos, ofrecendo propostas alternativas para conseguir unha cidade mellor.

O día 18 de maio de 2017 o Ministerio fixo públicas as puntuacións dos proxectos no que Cambre obtivo un aprobado con 58,50 puntos, aínda que foi insuficiente ante outros concellos, polo que non acadou os fondos europeos. Tendo en conta que as puntuacións foron estudadas polos funcionarios do Estado, o Goberno local de Cambre acata a decisión aínda que está seguro que polo menos en dous dos apartados a puntuación debería ser maior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante esta situación o Goberno local de Cambre púxose en contacto coa empresa redactora do proxecto e co Ministerio de Facenda e Función Pública para coñecer os motivos de que na terceira convocatoria non se dispuxeran fondos europeos para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Tras coñecer que a FEGAMP, outros concellos e comunidades autónomas demandaron fondos nesta terceira convocatoria, solicitamos información oficial sobre esta cuestión.

Comunicáronnos que a día de hoxe o Ministerio non ten previsto achegar máis fondos para Galicia na súa terceira convocatoria, a diferenza doutras comunidades que si os terán. Segundo indican, a Xunta de Galicia negouse a contribuír conxuntamente co Estado para facer efectiva esta nova achega na terceira convocatoria.

Segundo as informacións do propio Ministerio existen 38 millóns de euros comprometidos para esta convocatoria, a pesar de que a Xunta non o ve deste xeito.

Temos a obriga de esgotar as vías posibles por remotas que semellen para optar a estes fondos. Entendemos que ten que existir un consenso total da Corporación de Cambre para esixir fondos para Galicia nesta terceira convocatoria tal e como se anunciou con anterioridade.

ACORDOS

Por todo o anterior a Corporación Municipal de Cambre propón os seguintes acordos:

Primeiro: Apoiar a FEGAMP na súa reivindicación para que Galicia dispoña de fondos na publicación desta terceira convocatoria.

Segundo: Solicitar ao Estado e á Xunta que acorden destinar os 38 millóns de euros para a terceira convocatoria dos Fondos EDUSI para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro: Instar a Xunta de Galicia e ao Ministerio de Facenda e Función Pública a chegar a un acordo que permita poñer en marcha a terceira convocatoria destes fondos na nosa comunidade autónoma.

Cuarto: Comunicar aos devanditos entes, así como á FEGAMP, os acordos adoptados nesta moción.”

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que dende o seu grupo piden ao Goberno que esta moción sexa retirada da orde do día, ou ben, como alternativa, que quede sobre a mesa. O motivo é porque no punto primeiro solicítase como acordo apoiar á Fegamp na súa reivindicación para que Galicia dispoña de fondos na publicación da terceira convocatoria do Edusi. A eles non lles consta, e poden afirmalo con rotundidade, ningún acordo da Fegamp para solicitar eses fondos para Galicia.

Por outro lado, falan da dotación de 38 millóns de euros, pero tampouco teñen ningunha información oficial ao respecto.

Conclúe dicindo que, polo tanto, déixano ao criterio do Goberno, pero dende logo dende o Grupo Popular fan esa observación e solicitan que polo momento se deixe enriba da mesa mentres esas cuestións non se diluciden, porque é unha moción agora mesmo totalmente etérea e que carece de fundamento.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que van apoiar a moción, pero se lle permiten vai sacar unha frase que di moito o seu pai, iso de que cada un fala da feira segundo lle vai nela. É unha frase moi bonita, e certo é que os acordos van apoialos, porque non deixa de ser unha declaración de intencións, e a ver se cae algo.

Pero claro, hai frases na exposición de motivos que é para patexar un pouquiño. Fálase dun proceso de participación cidadá. En fin, a propia comisión negociadora tiroulles das orellas, porque o proceso de participación foi nefasto, por non dicir outra cousa.

Despois falan de que o Concello de Cambre obtivo un aprobado con 58,50 puntos, e dilles que non, que iso sería se o aprobaran, pero non se aprobou, entón suspendeu.

Por todo isto, si apoian a proposta, entenden a intención, pero insiste, cada un fala da feira segundo lle vai nela.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo, e a estas alturas do debate sobre este tema, van ser moi claros á par que concisos. Iso de apoiar á Fegamp na súa reivindicación para que Galicia dispoña de fondos, pois ben, se a Fegamp non reivindica, que reivindique, que supón que estarán para algo máis que para actuar algunhas veces como un sindicato de alcaldes ou un brazo executor do partido que está no goberno autonómico.

Dende o Concello de Cambre estase facendo o que hai que facer. Quedouse a escasos puntos, a cinco, seis ou sete puntos, de entrar no reparto de subvencións dun proceso, cre que niso poderían estar de acordo case todos, dende logo bastante complexo. Ao seu grupo non lle gusta como funciona o Edusi, consideran que é un procedemento que en moitos aspectos raia na opacidade, pero dende logo teñen que participar para facer valer os intereses do Concello de Cambre.

Loxicamente, na redacción da moción o que non se fai é tirar pedras contra o propio tellado, non contra o deste Goberno municipal, senón contra o do propio Concello de Cambre. Fan valer cal foi o seu traballo, fan valer cal foi a súa posición durante todo ese proceso, proceso que, por certo, estivo en todo momento aberto ás achegas dos distintos grupos municipais e de toda a poboación a nivel individual. Grupos municipais, algúns, que pasaron olímpicamente de ir a determinadas reunións sobre este tema, amosando, ao seu modo de ver, unha indolencia e unha falta de sensibilidade cara a un tema tan importante como é este para os veciños de Cambre.

Polo tanto, votan a prol desta moción. O concello está facendo o que ten que facer, que é defender os intereses de Cambre, esixir unha terceira convocatoria deses fondos en Galicia, e pedirlle, por favor, ao Goberno autonómico que se poña as pilas, que destine fondos. Aínda que saben que moitos dos concellos que concorren a estes fondos, por cuestión tipolóxica, urbana maiormente, e loxicamente derivada dos resultados electorais, non están gobernados polo PP, e igual ao Sr. Feijóo non lle interesa moito participar nun terceiro proceso destas características, porque os fondos irían maioritariamente a concellos que non están gobernados polo PP, se realmente, como dicía o presidente da Xunta, a súa única militancia é Galicia, que se poña as pilas, que poña os cartos enriba da mesa e que vaian todos a esa terceira fase do Edusi, onde Cambre ten moitas posibilidades de saír aprobado e con nota.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende Ciudadanos para todo o que sexa solicitar fondos e apoiar, van estar aí, pero parécelles unha moción moi precipitada, onde efectivamente falta documentación, falta ese documento da Fegamp, e onde practicamente non lles teñen dado opción aos grupos de participar ou de dicir se querían engadir algo máis, polas présas con que isto se ten presentado.

Xa saben que é unha forma que teñen de actuar repetitiva, pero deberían de contar cos demais grupos. Precisamente un dos insuficientes que tivo o proxecto ten sido pola baixa participación, e de novo o Goberno está demostrando, traendo esta moción aquí sen consensual co resto da oposición, que non conta coa participación de ninguén, nin sequera coa dos grupos políticos. Eles mesmos estanlle dando a razón aos fallos que tiveron no proxecto.

Conclúe dicindo que van votar a prol, pero reiteran que as cousas hai que facelas doutra maneira.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que, simplemente a modo de aclaración, porque aínda que o seu grupo ten solicitado que esta moción se deixara enriba da mesa, non obstante, iniciouse o debate. Entón, en caso de que a moción non sexa retirada, ao PP corresponderíalle unha primeira quenda de debate que non teñen esgotado. Levouse a cabo a primeira rolda cando deberían ter votado a proposta de deixar o asunto sobre a mesa, para despois, no seu caso, levar a cabo o debate.

Intervén o señor presidente para explicar que segundo lle explica a secretaria, primeiro o debaten e despois votan.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que a el cónstalle, porque a el tamén lle ten chegado como voceiro de UxC, que o 23 de xuño do 2017, ás 11:37 h, todos os concelleiros recibiron este correo. Entende que non o teñan visto, el tampouco o viu case ata final de mes. Xa di que entende que non se teña visto, hai moito traballo e demais, pero iso non quere dicir que non se teña mandado e non se teña dado participación. Sinxelamente non se viu, pois xa está, cada un asume as súas responsabilidades, non o viron, un aplauso e punto, pero o correo chegar chegou, téñeno comprobado hoxe pola mañá, o 23 de xuño de 2017, ás 11:37 horas. Que funciona mal a cuestión, pois haberá que poñela a funcionar, pero dende logo reitera que ten chegado, ou polo menos á maioría dos concelleiros. Polo tanto, non hai excusas sobre a participación neste caso concreto.

Quere dicirlle ao PP, que ten que sabelo, porque ten formado grupo de goberno, que moitas veces as cuestións non funcionan nin se institucionalizan. A institución non sempre é orgánica en canto a documentos, moitas veces é de relación. Neste caso, a opción da Fegamp e doutros concellos ten sido unha opción fóra do que é o escrito oficial por rexistro de entrada. Hai comentarios, hai transaccións, hai disputas, hai elevacións ao Goberno, hai elevacións á Xunta, hai contactos entre Xunta, Goberno e demais, e el non lles vai explicar como funciona isto, pero hainos.

A urxencia da convocatoria é sinxelamente porque os prazos se acaban, vaise tomar a decisión e non vai ser moi tarde, polo tanto, canto antes estea, antes darán o apoio a aquilo que vai. Só un comentario, hoxe mesmo, como UxC, non como Goberno municipal, tiveron contactos con xente de Ourense, e seguen insistindo en pelexar os fondos europeos. Iso en Ourense, deputación que é do PP, pero iso neste caso non ten nada que ver, porque hai un interese común e vanse sentar no mesmo lado e procurar entenderse porque hai ese interese común. Tamén o ten Carballo e tamén o ten Moaña. Sobre todo Carballo que está aquí máis preto, e son capaces de entenderse con eles tamén. Ese é un interese común.

E aquí a cuestión é moi fácil, a pregunta é se queren coller a posibilidade, ou polo menos formular a posibilidade de que haxa uns fondos para Cambre, si ou non. Se é si, esa é a cuestión, non hai máis. O outro son cuestións de matices e, nestes momentos, precisamente por esa présa que hai de que calquera día se toma a decisión, o fundamental é que apoiem esta decisión e despois discutan todo o que queiran discutir.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que os que non quixeron os fondos, non foi a Corporación municipal, pide que non confunda aos veciños que están aquí presentes, ten sido o grupo de goberno. O grupo de goberno é o que se ten dedicado dende o primeiro día a non querer eses fondos, son eles os que non quixeron os fondos, os que non se preocuparon por eses fondos.

No primeiro parágrafo da moción falan de que con data 19 de xaneiro o proxecto de Cambre foi rexeitado polo Ministerio de Facenda. Pero pregúntalles como o proxecto de Cambre vai ser rexeitado se o proxecto de Cambre non se presentou. Cambre non presenta proxecto á primeira convocatoria. Non pode ser rexeitado aquilo que non foi solicitado en ningún momento, nin polo Ministerio de Facenda, nin por ninguén máis.

Polo cal, reitera que foi o Goberno de Cambre o que non quixo os fondos europeos por outro motivo. A segunda convocatoria publicouse o 16 de outubro do ano 2016, e pregúntalles que pasou dende que Cambre fora rexeitado na primeira convocatoria, que pasou durante eses 9 meses. Pregúntalles que fixeron, se se preocuparon de contratar a unha empresa, de facer un proxecto. Porque é que eles mesmos o din na moción e se quedan tan frescos. Din que o Goberno contratou á empresa redactora

da estratexia o día 24 de outubro, é que o poñen na moción, poñen a data na que se contrata a empresa, un mes e vinte días antes do prazo da segunda convocatoria dos fondos Edusi.

A primeira convocatoria é de novembro de 2015. Comunícaselle ao Goberno nunha xunta de goberno local da que existe acta, concretamente a do 23 de novembro de 2015. Polo tanto, pregunta onde está o traballo municipal, onde está que Cambre quere os fondos Feder. É que non os quixeron, porque non os teñen traballado. Para querer algo hai que preocuparse polo tema, e hai que poñer empeño dende o principio, e preocuparse de contratar a empresa, e preocuparse de facer os proxectos, e preocuparse de contratar xente competente que traia eses fondos para Cambre.

Lembra que uns meses despois de que saíra a primeira convocatoria, o PP facíalles notar nun pleno, xa no ano 2015, que o proxecto que presentaba Cambre estaba mal formulado. Que Cambre non ía poder acceder a eses fondos porque se presentaba como municipio agrupado, como se tivera menos de 20.000 habitantes, cando tiña que telo feito en solitario, como fixo Culleredo.

Pregúntalles que ocorreu con Coruña e Arteixo. Pois que en canto se deron conta do erro, puxéronse a traballar. Que ocorreu con Cambre, que se pon a traballar, e ademais así o din eles mesmos na moción, o 25 de outubro, cando a orden da segunda convocatoria sae para o 13 de decembro. Manifesta que non é de estrañar que a puntuación de Cambre fora a que foi.

Intervén o señor presidente para pedirlle á concelleira do PP que vaia rematando a súa intervención.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe sinala que logo di o Goberno que teñen vontade de resolver os problemas existentes e impedir que xurdan outros novos. Pregúntalles se lles toman o pelo. Pregúntalles que é o que tiveron vontade de resolver. Un proxecto para uns fondos Edusi, de cinco millóns de euros para Cambre, que a perdoen, pero que a moi poucos gobernantes se lles ocorrería preparalo nun mes e medio de prazo.

Fala a moción tamén de que foi o Ministerio de Facenda e os funcionarios do Estado os que denegaron os fondos Feder. Dilles que lles vai ler exactamente quen forma parte da comisión de valoración, e vailles dicir que o 70% dos municipios de máis de 20.000 habitantes foron capaces de desenvolver esa estratexia.

Toma a palabra ao señor presidente para informar á señora concelleira de que a súa intervención xa superou en máis de dous minutos o tempo máximo.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe alega que só necesita 30 segundos, para terminar a súa argumentación.

Concedido o permiso á concelleira do PP, expón que forman parte da comisión a Secretaría de Estado, Orzamentos e Gastos, Administracións territoriais e Ministerio de Fomento, tres departamentos sectoriais expertos en temas de tecnoloxía da información, Red.es, Transición cara a economía libre de carbono, IDAE, inclusión social, Loita contra a pobreza, FSE. Ás reunións da comisión de valoración teñen asistido todas as persoas implicadas nela, máis de trinta expertos e representantes da Comisión Europea.

Conclúe dicindo que nin a Xunta, nin o Ministerio de Facenda son responsables, a responsabilidade correspóndelle aos concelleiros do grupo de goberno, que tiñan que estar dimitidos.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López expón que eles respecto deste tema xa dixeron todo o que pensaban, e seguen dicindo que o tema do Edusi en Cambre era a crónica dunha morte

anunciada, de feito ao Sr. González Leirós xa lle teñen expresado a súa desconformidade coa xestión levada a cabo un montón de veces.

O que si lle gustaría é contestar á intervención do Sr. Carballada, que dixo que non lles gustaba como é o proceso dos fondos Edusi. Dille que a eles o que non lles gustou foi a forma de xestionar o Edusi dende Cambre, porque Culleredo e outros moitos concellos, co mesmo Edusi, conseguiron a subvención, no caso de Culleredo 3 millóns e pico de euros. O mesmo Edusi e os mesmos prazos.

Insiste no mesmo, volveu dicir o concelleiro que Cambre aprobou. Dille que Cambre non aprobou e pide que non lle vendan esa imaxe aos veciños. Cambre suspendeu, porque teñen cero euros no peto. Terían aprobado se tiveran un euro nas arcas municipais. Non aprobou, e volve pedir que non vendan esa imaxe, porque a xente non é parva, saben que non aprobaron e quedan moi mal.

E quere dicir outra cousa, tamén respecto da exposición do Sr. Carballada. Ela pode entender que el a día de hoxe defenda encarnizadamente a posición do Concello de Cambre, pero quere lembrarlle o pleno de xaneiro de 2016, que a corrixa se se equivoca, na que o PP presentou un rogo respecto das explicacións que había que pedir ao Goberno de por que non se presentaran a esa primeira convocatoria. Nese pleno de xaneiro de 2016, o Sr. Carballada recriminou ao PP que, por ser un tema de tanta transcendencia, non trouxera o tema como moción, en vez de como un rogo, porque era un tema dunha envergadura tan grande que se debería traer como moción. Iso dixo o Sr. Carballada, voceiro do mesmo partido que hoxe di que a xestión foi impoluta.

E vaille ler ao Sr. Carballada algo que dixo nese pleno: *“Di que canto máis ve, observa e analiza, sen ser expertos no tema, ve que realmente, e o di con total e absoluta franqueza, a defensa é débil, é dicir, parece, como no chiste de Gila, que alguén matou a alguén, pero non se di exactamente quen morreu, nin quen o matou.”* Dille que agora xa saben quen morreu, que foron os cinco millóns de euros, e quen o matou, que foi o Goberno do Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós lembra que do primeiro Edusi que se presentou en Cambre, xa ten contestado a todas as cuestións na comparecencia que tivo no anterior pleno. Nese pleno tense contestado a todo o que os grupos están formulando aquí, o que pasa é que erre que erre volven outra vez co tema.

A primeira cuestión é que en xaneiro de 2015, non gobernando o actual Goberno, a empresa do Edusi, que é a mesma que a de Culleredo, estivo no Concello de Cambre, polo menos co concelleiro naquel momento de Contratación, falando do Edusi. Iso foi así, confirmado pola empresa. Se queren dálles as datas, como lle pedía o Sr. Bruquetas no seu momento. Volveron en maio, estiveron aquí, e o actual Goberno aínda non estaba aquí tampouco. Despois volveron cre que foi en setembro, cando estaba o concelleiro don Augusto Rey.

Cando este tema chegou a eles, non quere alongarse moito, quere ser conciso, tres puntos nada máis, cando chegou a eles creron e entenderon que Cambre non estaba en situación de propoñer nese breve prazo de tempo un Edusi. Por varios tipos de cuestións, como que carecía de documentos esenciais como era un Plan xeral, e equivocadamente ou non tomaron unha decisión. Nese momento veu o Consorcio e propuxo crear un Edusi. Eles, evidentemente, se vén alguén e propón crear un Edusi para unha zona comarcal, cren que é porque teñen a capacidade técnica e xurídica para saber o que están facendo. É verdade, non o sabían, aí ten razón o PP, e o Goberno municipal deixouse levar un pouco por esa cuestión, é verdade. Iso foi a primeira convocatoria.

Respecto da segunda convocatoria, explica que en canto souberon que a primeira non saíra, puxéronse a traballar con Coruña e coa empresa que despois se contratou aquí, que estaba traballando tamén

para Coruña, nun Edusi metropolitano. Cunha condición, que as premisas informativas da primeira parte da valoración do Edusi, ían valer para dous temas. Tanto ían valer para Coruña, como ían valer para Cambre, porque o ámbito que se estaba estudando era a área metropolitana, só era cambiar os datos, e iso era así. Polo tanto, comezouse a traballar ao día seguinte, aínda que non como Edusi de Cambre, porque o que se ía propoñer era un Edusi metropolitano. E di que aquí se falou disto.

Crían que así tiñan máis forza, porque o ámbito metropolitano é un ámbito que en Europa se ve mellor, porque ten un contido moito máis extensivo, e porque estes fondos Edusi están para poboacións de 600 ou 700.000 habitantes, non de 200.000, aínda que se lles dan tamén subvencións aos de 200.000.

Reitera que aí xa se comezou a traballar. O que pasou foi moi sinxelo, que Coruña suspendeu na primeira convocatoria ao final, detectouse, e entón non puido ir con eles. O que lles ofrecía Coruña é que se el gañaba o primeiro tema, no segundo os 15 millóns os repartía, se quería vir Oleiros, con Oleiros e Cambre. Esa é a cuestión, pero traballar comezouse a traballar anteriormente. Cando Coruña non puido entrar nesas circunstancias, Cambre contratou o seu Edusi. Polo tanto comezouse a traballar antes.

Toma a palabra o señor presidente para pedir ao concelleiro que vaia rematando.

Don Juan González Leirós expón que o Edusi está feito por unha empresa que gañou o de Culleredo, gañou o de Coruña, gañou cre que foi o de Ferrol. É unha empresa especializada que entende disto, e eles, como políticos, deixaron nas mans da empresa todo o aparato técnico de participación e de todo ese sistema. Eles non son especialistas en Edusis, é a empresa.

Conclúe dicindo que esa é a cuestión do que pasou, e eles o que estiveron foi detrás para que os prazos se cumprisen, que é o seu labor, intentar que iso non se pasara do tempo. O resto é un tema da empresa. A empresa veu aquí e parte dos partidos políticos non apareceron na reunión, e iso quere dicir moito.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que eles o que dixeron, e cre que a compañeira de ACdC o entendeu mal, e que a eles, BNG, non lle gusta o Edusi. Ao Bloque pode gustarlle, pode parecerlle ben, mal, regular, ou mediopensionista, e non lles gusta, é un procedemento que non lles gusta, que obedece a unha nova fórmula de adxudicación de fondos públicos que está moi en boga nos últimos anos, que non lles gusta. Dito o cal, teñen que participar no proceso, por suposto que si.

Son, xa o ten dito neste pleno nos últimos anos bastantes veces, donos dos seus silencios e escravos das súas palabras e, efectivamente, el tense manifestado neste pleno en contra de como o Concello de Cambre, co Goberno municipal que había naquel momento, en xaneiro de 2016, concorreu á primeira fase dos Edusi. Pero dille á voceira de ACdC que a que están valorando agora é a segunda, non é a primeira. Da primeira estiveron en contra porque foron en algo que non lles gustaba, ao Bloque non lle gustaba aquela historia rara da área metropolitana, e puxeron o grito no ceo. E vaille dicir máis, tampouco lles acaba de gustar algunha xente que estivo ata datas recentes no Goberno Local, pero na segunda convocatoria si.

Na segunda saíron ao campo a suar a camiseta e a defender a Cambre. E fíxose un proxecto contratando á mellor empresa que se puido, e froito das limitacións históricas, loxicamente presentes, e con responsabilidade por parte do Goberno actual, pero históricas, o déficit histórico que ten este concello, que acaban de aprobar agora un inventario de bens que non tiñan dende o ano da polca, fíxose un proceso, e realmente aprobaron. Dille á concelleira que lea as bases do Edusi, eles aprobaron, loxicamente non llelo concederon, e non se lles ocorre saír á rúa a dicirlle aos veciños de

Cambre que lles concederon o Edusi. Non. Pero si están na liña de que se hai unha terceira convocatoria, poder obter fondos. Iso é o que queren simplemente dicir.

Intervén o señor presidente para pedir que vaia rematando a intervención.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que, a partir de aí, eles entenden que esta moción vai no camiño do que hai que ir. Eles defenden as súas posturas, neste caso procuraron, de verdade o di, non agredir ou non confrontar directamente con ninguén, porque o importante é Cambre, pero orgullosos que están da liña argumental do Bloque en todo este proceso, malia que quizais á concelleira de ACdC non lle guste, pero que se lle vai facer.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo manifesta que o Sr. González Leirós fixo mención ao pleno extraordinario que tiveron polo tema do Edusi, e falaron antes de participación, pois é un bo exemplo para falar de participación ese pleno.

Di que o Goberno puxo a reunión con Eosa ás 11:00 da mañá, ás 12:00 unha xunta de voceiros e ás 13:00 horas o pleno. O Goberno non chamou a ninguén para consensuar se a xente podía vir ás 11:00 da mañá a esa reunión coa empresa Eosa. Dilles que os demais tamén traballan. Ela non sabe se chamaron ao resto dos grupos, pero a Ciudadanos dende logo non. Ou sexa, que non lles estaban facilitando absolutamente para nada o labor de poder falar coa empresa e facerlle as preguntas que lle tiñan que facer.

Reitera que o Goberno non chamou a ninguén, e iso xa non é participación, porque hai moita xente que traballa. Se non son capaces de ter debate co resto das forzas políticas, non lles estraña que tampouco conten coa participación dos veciños e por iso teña sido un fracaso o tema da participación.

Explica que na web de Cambre, onde está a documentación do Edusi, teñen un apartado “Comunicación”, unha pestana, baleira. “Documentación de análise do territorio”, dúas pestanas, baleiras. “Documentación do fondo europeo”, catro pestanas, baleiras. “Documentos de participación e debate”, catro pestanas, baleiras. “Enlaces de interese”, aí si, aí un pincha e lle redirixe de novo ao Concello de Cambre.

Pregunta se a iso lle chaman potenciar as novas tecnoloxías. Se ao entrar e ver o contido que hai respecto da documentación do Edusi, xa é un insuficiente. Se quen avaliou ese proxecto entra na web, sairía asustado.

Di que de todas as propostas houbo 69 votantes. Nun municipio de 24.000 habitantes houbo 69 votantes. Pregunta que teñen feito por facilitar a participación cidadá. A resposta é nada. Ela se quere pode facerlles as contas. Doce que son no Goberno, por seis amigos que voten, xa teñen 72 votos, e aínda sobran 3, que votaron 69. Así pois, iso de cumprir co proxecto era aparentemente.

Vailles dicir outra cousa da páxina web. Pinchan na axenda, onde pon “Próximos eventos”, e non se atopa ningún resultado. Van a pestana de “Eventos pasados”, e aparece “Proximamente”, o 15 de novembro de 2016, aquí se poñerán as datas das reunións da Estratexia Cambre 2016. Baleiro. Pregunta como queren que non lles suspendan en participación.

E logo o Goberno non quixo que se dera visibilidade a ninguén, pero é que nin sequera aos grupos políticos. Porque lémbbralles que os grupos políticos achegaron ideas, e o menos que deberían facer é colgar esas ideas que achegaron os grupos políticos na páxina web, para que se viran as achegas de ACdC, de Ciudadanos, dos veciños, ..., pero non hai nada. Non hai nada, e pregunta se é porque o Goberno quere ocultar que os demais fixeron algunha achega. Logo quéixanse.

Pide que non lle falen da participación, e de que non contaron co apoio dos grupos, porque si que contaron coas súas achegas, pero os grupos non puideron ver o seu traballo reflectido, e tampouco viron que houbera unha vontade real de que puideran falar coa empresa, porque xa lle di, poñer unha reunión ás 11:00 horas, sen ter falado con absolutamente ninguén, ou polo menos con Ciudadanos non, iso non é querer fomentar a participación.

Conclúe pedindo que lles expliquen onde estaba toda esa documentación, porque ela ao final xa non sabía se estaba vendo a documentación de Cambre e do proxecto Edusi, ou a documentación de Tanganica. Incluso lles pode dicir que na páxina web aínda segue poñendo que os plenos son os mércores.

Toma a palabra o señor presidente para concederlle a palabra ao Sr. González Leirós, e pechar o asunto.

Neste momento os concelleiros do PP alegan que o seu grupo só interveu unha vez.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, sinala, por unha cuestión de orde, que eles na primeira rolda soamente solicitaron deixar o asunto sobre a mesa, nada máis, non entraron a debater nada, nin a aclarar nada, polo que falan unha soa vez.

Tras un curto debate entre os concelleiros do PP e o presidente da sesión, este manifesta que o que procede é que se peche o debate polo voceiro de UxC.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe dá as grazas e manifesta que seguen na mesma liña autoritaria.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que vai lembrar ao que viñan aquí. Ao que viñan aquí era a votar, se os grupos queren, unha moción para pedir os terceiros fondos do Edusi para Cambre, iso é ao que viñan aquí. O resto das cuestións son secundarias.

Ante os comentarios procedentes dos concelleiros do PP, o voceiro de UxC di que el lle rogaría aos grupos que mantiveran a compostura, sobre todo dillo á concelleira dona Marta M^a Vázquez, porque é reincidente.

Continúa expoñendo que o que están aquí votando é unha moción que se ten presentado para pedir que a Cambre lle outorguen os terceiros fondos da liña do Edusi, e o que hai que votar son os acordos que se solicitan. Primeiro apoiar á Fegamp, e xa explicaron porque o apoio á Fegamp non é institucional en canto a escritos, senón que é que a Fegamp está traballando neste tema e sábeno firmemente, apoiala na súa reivindicación para Galicia. En segundo lugar, solicitalo ao Estado e á Xunta. En terceiro instar a Xunta de Galicia e ao Ministerio de Facenda e Función Pública a chegar a un acordo que permita poñer en marcha a terceira convocatoria. E cuarto, comunicar á Fegamp, así como aos devanditos entes os acordos adoptados nesta moción.

El cre que a pregunta é bastante fácil, trátase de saber se están dispostos todos aquí a facilitar, ou polo menos a pelexar por esa posibilidade, sexa ou non sexa pequena, de que lles poidan outorgar os fondos e polo tanto estar en posición de poder pelexar por eses terceiros fondos e poder coller eses cinco millóns de euros. Si ou non, iso é o que se está dilucidando aquí, e iso é o que teñen que votar, e cre que é o que se veu pedir, non outra cousa.

Finalizado o debate, de acordo co disposto no artigo 109.1 do Regulamento orgánico municipal, sométese a votación ordinaria a petición do grupo municipal do PP de deixar o asunto sobre a mesa.

Votan a prol da petición os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe). Votan en contra os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos).

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeita a proposta de deixar o asunto sobre a mesa.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de ACdC-SON sobre a posta en funcionamento do Consello Escolar Municipal

Rexistrada de entrada ao núm. 999/165 o día 23 de xuño de 2017, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Con insistencia tense reclamado en distintas ocasións a posta en funcionamento do Consello Escolar Municipal para dotar ao noso municipio con este órgano consultivo, dada a importancia que para nós ten a súa posta en funcionamento, como un mecanismo útil para optimizar recursos e xuntar esforzos na tan importante tarefa educativa a nivel local, co fin de prever, planificar e dar as respostas necesarias en materia de programación, problemática educativa e estudo de necesidades na comunidade escolar do concello.

A posta en marcha do Consello Escolar Municipal é unha tarefa que implica a responsabilidade do Goberno do concello, xa que tería que estar funcionando hai bastante anos, e non sabemos se non o está por desidia, falta de capacidade ou unha auténtica vontade de poñer atrancos á posta en marcha dunha ferramenta participativa e fundamental para prever e conseguir a necesaria mellora da calidade do ensino no noso concello.

Unha vez máis e tendo en conta que proximamente se abre o prazo para a matriculación nos centros de ensino, e tendo presente os distintos atrancos que se presentaron no presente curso escolar polos diversos problemas nos distintos colexios do concello, o noso grupo municipal fai un chamamento aos restantes integrantes da Corporación municipal “con especial atención ao grupo de goberno”, para que esta carencia sexa unha realidade, e lembrarlle que corresponde aos poderes públicos garantir o dereito á educación mediante unha programación xeral do ensino, coa participación efectiva de todos os sectores afectados.

Polo exposto, o noso grupo municipal propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Único: Encomendar ao Goberno municipal que leve a cabo de inmediato as actuacións necesarias para poñer en funcionamento o Consello Escolar Municipal.”

Concedida a palabra a don Manuel M^a Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, expón que esta moción parécelles oportuna e interesante. O problema que lle ven é que un Consello Escolar Municipal depende do municipio, ten diversas actuacións ou diversas modalidades. Vai depender moito do regulamento que se lle aplique ou que se utilice para rexelo. Dos entes e representación que teñan as diversas persoas afectadas no tema escolar e no tema da ensinanza, vai depender que efectivamente ese consello vaia para algo ou non vaia para nada.

Quere referirse simplemente a un que teñen moi próximo, que é o do Concello da Coruña, onde compoñen o Consello Escolar Municipal vinte e oito persoas, das cales hai un presidente, que nese caso é a concelleira de Xustiza Social e Coidados, que non sabe se terá moito que ver coa Educación pero é a que preside; un secretario, que é o xefe do Servizo de Educación; e despois os concelleiros, que son un representante da administración educativa, dez membros nominados pola Corporación municipal, 6 representantes das Anpas e 10 profesores do nivel educativo de ensinanza. Están falando de que dos vinte e oito, seis son nais e pais, o resto son sindicatos, son partidos políticos, son representacións onde a el lle dá a sensación de que a sensibilidade polo educando, que é o que a el máis lle importa, o educando, non sabe se será moi fidedigna, non sabe se será moi real, non sabe se o Consello Escolar en Coruña probablemente se converta nunha plataforma política, ou sindical, ou reivindicativa.

Continúa dicindo que pola experiencia que el ten, que é longa e prolixa en consellos escolares, tanto a nivel municipal na Coruña, como a nivel galego, como incluso no Consello Escolar do Estado, sabe que en moitísimas ocasións convertíase nun lugar para reivindicacións de tipo sindical. Un quería un traslado, outro outra cousa, agora corresponde poñer en tal sitio tres prazas, ..., pero rara vez se mencionaba aos educandos, aos nenos, ou sexa, aos fillos. Resulta que seis pais neste momento no Consello Escolar da Coruña, teñen moi pouco que dicir cando realmente son os primeiros educadores dos seus fillos, os primeiros.

Dito isto, cre que en Cambre deben ser capaces de constituír un Consello Escolar Municipal que sexa realmente participativo e equitativo na súa representación, e onde as persoas implicadas no proxecto educativo sexan principalmente os pais. Estase referindo, por exemplo, ao que pasa en países como Noruega, onde os consellos escolares están formados fundamentalmente polos pais. Son ao mellor vinte persoas, das cales once son pais, e quen dirixe o colexio son os pais, porque o educando é a parte importante do centro, o neno é o máis importante, non os sindicatos, non os partidos políticos, non os funcionarios. O importante son os nenos.

Conclúe dicindo que aí teñen que poñer moito a mirada. Se son capaces de conseguir ese regulamento do Consello Escolar Municipal, será benvido. O PP vai apoiar a moción, porque parécelles interesante que exista ese elemento, que ademais, ten que formar parte do seu quefacer diario.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén vai apoiar a moción. Sinxelamente van dicir iso, porque cren que o demais é secundario. O que fai a moción é encomendar ao Goberno municipal que leve a cabo de inmediato as actuacións necesarias, polo tanto, entende que deben organizarse reunións para preparar este tema e que haxa un proceso, que non ten que ser inmediato, senón cun tempo suficiente, pero activalo. Así pois, van apoiar a moción tal e como está, porque lles parece interesante o que se propón.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús Gómez González, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo tamén vai apoiar a moción, aínda que persoalmente non entende a que atrancos se refiren. O prazo de matrícula xa acabou, xa tiveron a Comisión de Escolarización, non houbo ningún contratempo nin nada. Hai algúns pequenos detalles pendentes con algúns pais, aos que van chamar, para ver que colexio prefiren, porque incluso hai irmáns en diferentes colexios, e a ver cal lles vén mellor. En todo caso, aínda que non entende o dos atrancos, van votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser, como non podía ser doutra maneira, favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, expón que por responder un pouco ao que comentaba o concelleiro do PP, está nas súas mans facer ese labor de control, e constituír un Consello Escolar que sexa digno de representar todas as inxedanzas que teñen que pelexar polo que o propio concelleiro dixo, o ben dos educandos.

Por outro lado, en canto aos atrancos aos que facían referencia, entre outras cousas poden falar, por exemplo, dos problemas que o ano pasado houbo co tema do catering, entre outras cousas que tamén se puideron dar dentro das actividades extraescolares, etc. Neste caso, e como comeza o novo curso, para evitar ese tema vén coherente crear este órgano tan necesario, porque así terían unha maior capacidade, e aínda que soamente sexa por estar informados e poder dar explicacións á xente e poder participar na toma de decisións que sexan necesarias.

Conclúe agradecendo ao conxunto da Corporación o apoio amosado á súa proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

O señor presidente dá conta do seguinte asunto:

- Do escrito remitido polo tenente coronel xefe accidental da Comandancia da Coruña da Garda Civil, rexistrado de entrada ao núm. 0/5350 o día 14 de xuño de 2017, felicitando aos membros da Policía local de Cambre, J.A.R.F e A.M.S.G., que prestaron unha activa e valiosa colaboración na detención dos autores dun robo con forza nun establecemento da rúa Tapia, O Temple.

A continuación, de orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 994/2017, do 5 de xuño, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Josefa Vázquez Soto dende o día 3 ao 12 de xullo de 2017 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1020/2017, do 9 de xuño, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Leonor Fernández Grande nos seguintes períodos de tempo: dende o día 19 ao 23 de xuño de 2017, ambos os dous incluídos; dende o día 1 ao 4 de agosto de 2017, ambos os dous incluídos e dende o día 17 ao 25 de agosto de 2017 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1207/2017, do 27 de xuño, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Durante a ausencia de dona María Dolores Blanca García Fernández, desde o día 3 ao día 13 de xullo de 2017, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial, serán exercidas por don Óscar A. García Patiño, que ostenta a presidencia da Área de Presidencia, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, dona María Dolores Blanca García Fernández continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do informe da tesoureira municipal, de data 23 de xuño de 2017, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao primeiro trimestre do ano 2017.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- Os pagos realizados no trimestre natural.
- Xuros de demora pagados no trimestre natural.
- As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pago ao seu final (facturas en fase de obriga recoñecida e pago ordenado).

4.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/5884 o día 26 de xuño de 2017.

1º Veciños da templaría rúa de Vicente Risco asistiron asombrados durante o último mes ás anunciadas obras realizadas na súa rúa. O comezo delas produciuse o venres, momento no que se acometeu exclusivamente o valado da rúa, o que privou non só de mobilidade, senón tamén de prazas de aparcamento a un lugar como O Temple tan necesitado destas.

As obras de adoquinado dunha das marxes acometeuse nun prazo razoable de tempo, pero unha vez finalizadas, as mesmas ditas obras estiveron paralizadas durante aproximadamente un mes, coas molestias provocadas aos veciños, que viron dificultado aínda máis o seu aparcamento na zona e o seu tránsito por ela, pois a rúa, de dobre sentido, só permitía a circulación dun deles.

Achéganse fotografías do estado no que estiveron as obras na dita rúa durante aproximadamente un mes.

Pese aos avances levados a cabo estes últimos días, co asfaltado central da rúa, os veciños do lugar temen que poida demorarse sen motivo a obra durante outro mes máis, cos prexuízos que iso leva aparelado tanto para os veciños e usuarios como para a seguridade viaria.

De aí que o Grupo Municipal Popular requira ao equipo de goberno para que situacións como esta non se volvan repetir e se adopten as medidas pertinentes para que as ditas obras terminen á maior brevidade posible.

Don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, engade que neste caso querían facer referencia tamén a que solicitan aos grupos que están na oposición, porque, unha vez máis, fáltase ao respecto aos membros dos grupos políticos da oposición que traen ao pleno os seus rogos e preguntas, e antes de dar as oportunas contestacións en sede plenaria, que é onde eles instan que se lles dean, faise un gran despregue mediático, como o que teñen sufrido no día de onte, con notas de prensa nas que en parte se contesta a este rogo.

Polo tanto, rogan como inclusión adicional a este rogo que se conteste aos rogos que se traen a pleno, no pleno, e non se faga un despregue mediático nos medios de comunicación, con fotografías do señor alcalde incluídas, un día antes de contestarse no pleno.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, manifesta que lle gustaría aceptar directamente o rogo, pero necesita matizacións tal e como está formulado, e di que nada ten que ver isto co xornal, aquí están no pleno municipal.

Explica que o inicio das obras foi o 8 de maio do 2017, polo tanto, como o prazo do contrato son 3 meses, deberían terminar o 8 de agosto de 2017, as contas son claras. Pois ben, a día de hoxe as obras están practicamente rematadas, faltan dúas puntualizacións, que coincidiron ademais con que se viña a este pleno. É dicir, a 28 de xuño está practicamente rematada, faltan dúas puntillas, unha delas é que houbo un erro na parte técnica, e sabe que o señor concelleiro é testemuña directa, no bordo subindo á marxe dereita da rúa, que se esqueceron de rebaixar o bordo e hai un paso de peóns que non ten acceso. Iso xa se vai cambiar.

Tamén quere dicir que non todo o mundo está asombrado. Hai xente que vive no mesmo edificio que o señor concelleiro e pode dicirlle, porque son próximos a el, que non están asombrados, senón que lles parece magnífica a realización da obra.

Pero vaille dicir de que están asombrados os veciños, concretamente os do edificio fronte ao edificio do señor concelleiro. Están asombrados de que eles pediron a licenza de primeira ocupación no ano 2004. Pasaron 11 anos dende que pediron a primeira ocupación, tendo os seus pisos, tendo as súas hipotecas, tendo as súas cuestións e tendo unha certa inseguridade xurídica, porque a algúns, non todos, pero á maioría dos que querían vender pedíanlles que entregaran a primeira ocupación. Polo tanto, tensión e nerviosismo.

Deses 11 anos é verdade que o Goberno anterior ao PP estivo 7, e o PP estivo 4, pero neses 4 anos non se requiriu o tema nin unha soa vez. Só hai un informe do xefe da área lembrando que aquilo estaba por facer, e hai ese informe porque o presidente da comunidade de propietarios reclamou que estaban así, con esa inseguridade xurídica e que non podían sacar iso. Polo tanto, teñen pasado 11 anos.

En aproximadamente ano e medio, que é cando chegaron eles aquí, e isto non é unha gabanza ao Goberno municipal, dillo de verdade, porque é a súa obriga, non fan nada de máis, fan o que hai que facer, pois ben, nese tempo requiriron un aval que había, executouse o dito aval, tense posto en funcionamento a beirarrúa, e agarda que en breve prazo, aproximadamente en 10 días, se dea a licenza de primeira ocupación. Diso é do que a xente está asombrada, de que despois de 11 anos poidan tela en ano e medio.

Agora, sabendo que todo é mellorable, van aceptar o rogo do PP, sempre e cando derive de que todo é mellorable, o Goberno tamén ten erros, e neste caso, é unha obra que vai estar mes e medio antes do previsto, ao mellor é certo que podían telo feito en 15 días. Nese sentido van aceptar o rogo, no sentido de que todo é mellorable.

Don Juan M^a Abalo Castex reconece que el vive aí, pero viven tamén máis veciños, que son os que lles dixeron que están asombrados cos problemas de seguridade viaria que se crearon ao valar esa zona, tendo terminado a obra, e estando un mes. É certo que os prazos legais eran de 3 meses, pero estivo un mes aquilo completamente valado. Non vían o significado de que estivera valado sen facer nada, coa beirarrúa xa feita, faltando exclusivamente o asfaltado que se fixo en dous días. Iso é o que din, que se realmente se pode facer nun prazo moitísimo menor, non entenden por que estivo un mes paralizada a obra, co problema que iso provocaba para a seguridade viaria.

E fala o Sr. González Leirós dos veciños do edificio de en fronte, e do ano 2004. Pregunta por que lle pregunta a el, por que non responsabiliza ao equipo anterior ao PP. Dille que lle pregunte ao señor alcalde, que era membro do equipo de goberno no ano 2004, que é cando di que solicitaron a licenza. Estivo tres anos máis nese equipo de goberno, así que dille que lle pregunte a el por que non outorgou a licenza e ao concelleiro de Urbanismo daquela época, que ao mellor terá unha resposta sorpresa.

2º Un dos piares fundamentais para o crecemento económico municipal e a creación de emprego é o apoio ao sector empresarial por medio de accións e proxectos singularizados de promoción e dinamización do sector. Ante a escasa actividade municipal neste sentido, é polo que comerciantes e empresarios das zonas do Temple, A Barcala e Cambre se puxeron en contacto en reiteradas ocasións co Grupo Municipal Popular para manifestar a súa contrariedade pola paralización por parte do grupo de goberno de gran parte das campañas de promoción empresarial que se viñan realizando co Goberno do Partido Popular. En concreto, a anulación da campaña Ti Fas Cambre ten deixado ao sector empresarial cambrés sen un dos medios fundamentais de que dispoñían para a difusión externa da enorme oferta de produtos e servizos das empresas locais, que acadaba, non só ao público cambrés, senón tamén a potenciais consumidores de concellos veciños. Ante o incumprimento por parte do Goberno local, concretamente da Concellería de Promoción Económica de todos os prazos habidos e por haber en orde á posta en marcha dunha guía dixitalizada de empresas con posibilidade de interacción comprador-vendedor:

O Grupo Municipal Popular require ao Goberno a inmediata posta en marcha da prometida e incumprida guía de empresas locais, dotándoa de medios tecnolóxicos modernizados que inclúan ademais a divulgación de produtos e servizos a través de redes sociais, posibilitando ás empresas locais a difusión e oferta daqueles ao público consumidor, de forma efectiva e con posibilidade de interacción comprador-vendedor.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que dende a súa concellería elaborouse un prego de condicións técnicas que rexerán a contratación do censo de empresas de Cambre. O dito prego remitiuse ao departamento de Contratación do concello no mes de marzo, e neste momento atópase á agarda de inicio de expediente.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, dálles a en hora boa, porque despois de dous anos que levan prometendo o famoso censo de empresas, vai ser contratado. Di que llelo poñen en forma de rogo porque efectivamente hai moitísimos comerciantes, sobre todo da zona do Temple, da Barcala e de Cambre, que lles preguntan por esta cuestión, e que están deixando de confiar na xestión do Goberno no que se coñece como promoción económica de comercio. Están bastante desilusionados coas campañas que se están facendo, e dende o PP, aquí no pleno, queren instar ao Goberno a que nestes dous anos que quedan de Goberno incrementen o traballo, o interese e o empeño en que estas campañas sexan efectivas e favorables para as empresas do municipio, que o necesitan, e é algo que contribúe á creación de emprego.

3º Un dos rogos que formulabamos dende o Grupo Municipal Popular ao principio do mandato, foi a correcta sinalización e pintado dos pasos de peóns da Barcala e O Temple. Respecto dos pasos da rúa Constitución, no Temple, estes foron retocados e lastrados hai varios meses, pero non obstante non foron correctamente pintados na zona do carril polo que pasan a totalidade dos vehículos, aínda que si as marxes, co conseguinte risco de confusión para os condutores e peóns. Tanto é así que unha das vías máis transitadas do noso municipio carece dunha sinalización clara neste aspecto que é preciso corrixir de forma urxente.

É por iso polo que o Grupo Municipal Popular insta ao equipo de goberno a corrixir a sinalización da rúa Constitución e, en concreto, ao pintado do paso peonil obxecto do presente rogo.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, explica que, como xa saben, esa é unha zona peonil. A velocidade máxima é sobre 20 Km/hora, e por recomendación do xefe de Policía non se van pintar todos os pasos de peóns, vaise poñer un cartel de aviso, cara á entrada, onde vai poñer a velocidade, parque infantil, zona peonil, para que a xente o vexa ben.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Registrados de entrada ao núm. 999/165 o día 23 de xuño de 2017, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Veciños da rúa Tapia denunciaron ante o noso grupo o perigo que supoñen os ladrillos no peche do local núm. 8, polo risco de desprendemento á beiravía.

Por este motivo pregamos se tomen as medidas oportunas para corrixir a situación demandada.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, expón que xa se tomaron medidas. Hoxe pola mañá foron poñer unha pequena rede, por se cae algún elemento, e xa conseguiron, que non foi fácil, atopar ao propietario, puxéronse en contacto con el para que faga as reparacións oportunas. Así pois, admiten o rogo, como non podía ser menos.

De todas formas di que quería facer unha aclaración. Se isto o saben antes, por favor lles pide que en vez de traelo a pleno, os avisen, porque de verdade que actuarán coa mesma dilixencia, aínda que non o traian a pleno.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que simplemente unha aclaración, di que é igual que o metan por rexistro que para o pleno.

Don Juan González Leirós explica que o dicía porque así o terían resolto unha semana antes.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que anda que non levan tempo eses ladrillos así. Nin unha semana antes, nin unha semana despois. O señor concelleiro estalle dicindo iso e ela necesariamente tenlle que contestar.

2º A publicación das actas de plenos e comisións informativas non só é legal, senón que tamén é unha obriga democrática poñer a disposición da cidadanía a máxima información sobre o labor municipal. Observamos que a web corporativa, non ten publicado as actas plenarias dos últimos sete meses, e as publicacións das comisións informativas desapareceron da páxina do concello.

Por isto ao grupo de ACdC prega se publiquen as mencionadas actas, logo da súa aprobación, e se nos explique os motivos do atraso para colgar unha información tan importante para os veciños e veciñas.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, presidente desta sesión, explica que, como poden ver, ao pleno de hoxe traen a aprobación as actas de novembro e decembro. O motivo é que a funcionaria que se dedica a transcribir literalmente as actas é tamén a que está encomendada aos labores do SIGEM e relacións coa Deputación. En Deputación cambiaron a plataforma de SIGEM, que agora pasou a ser TEDeC, co que estiveron uns 3 meses de cursos de formación para os funcionarios de cada concello, para poder aplicar os cambios da nova tecnoloxía desa plataforma. Eran cambios necesarios para o funcionamento informático deste concello.

Explica que precisamente se ten posto o novo sistema de streaming nos plenos, e a partir do mes de xullo xa poderán ter colgadas as actas na páxina web ás 24 horas.

Respecto das comisións informativas, as sesións das comisións informativas, como todos saben, non son públicas, iso con base no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Á parte de non ser públicas, os acordos que se adoptan son ditames, que non teñen

consecuencia xurídica ningunha mentres non se adopte o acordo no pleno correspondente. Por iso se fan públicos unicamente os acordos dos plenos.

3º En fronte da Casa das Palmeiras, no treito dende o Paraugas ata a costa da Tapia, hai un semáforo. Nese sector iníciase unha conxestión que, en horas punta, pode acadar unha columna de vehículos de máis de 300 metros. En si, segundo os condutores, cruzar por este sector toma ata 15 minutos nas horas críticas.

Substituíndo os semáforos por un paso peonil elevado, solucionaríase en parte o problema do tránsito.

Para os peóns, en cambio, os semáforos son de utilidade, porque alegan que hai persoas que non poden subir polo paso elevado peonil que terían que dar un pequeno rodeo.

Pero tanto peóns como condutores coinciden en que estes semáforos forman unha traba para os vehículos. Entendemos que a súa substitución por un paso peonil elevado pode aliviar en algo a conxestión vehicular.

Por todo o exposto pregamos que o grupo de goberno teña en consideración a instalación dun paso elevado na devandita localización.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, explica que un paso elevado nesa zona é inviable, porque están as casas moi ao carón da calzada e resulta imposible, non habería distancia suficiente para facer a subida e a baixada. Ou sexa, que nesa zona é inviable.

A outra posibilidade sería colocalo ao principio da autoestrada, pero a xente tería que dar moita volta e, á parte diso, cre que as persoas con discapacidade terían bastante problema para subir o paso elevado.

Por outra parte di que ese semáforo pedírono os veciños de alí. Nun principio, cando se arranxou esa estrada, entre unha rotonda e outra non había semáforo, púxose precisamente porque o pediron os veciños.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, expón que dixo a concelleira que un paso elevado é inviable, e pode ser, pero gustaríalle saber se esa é unha opinión persoal ou se hai algún informe xurídico ou dun técnico experto. Non quere desmerecer o labor da concelleira, pero gustaríalle saber se existe algún informe que soporte esa afirmación, porque pode ser inviable ou non, pero si lles gustaría saber se o avalía algún informe técnico.

Dona Josefa Vázquez Soto contesta que ela preguntoulle aos técnicos do concello e á Policía, se habería posibilidade de poñer aí un paso elevado. Ambos lle dixeron que era imposible, que non había distancia suficiente, porque están as casas enriba da calzada e non habería sitio suficiente para facelo.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/167 o día 26 de xuño de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º O acceso á información pública municipal está regulado pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Durante os últimos anos téñense feito moitos esforzos para avanzar na transparencia das administracións públicas e, seguindo esta tendencia, pódese estimar que se seguirá avanzando niso.

As administracións públicas e os seus gobernos teñen o deber de facilitar a maior información posible tanto a calquera cidadán como aos grupos que traballamos na oposición.

En relación coa actividade municipal dos grupos políticos, os medios utilizados para facer chegar a documentación son moi mellorables.

Temos debatido nalgunha ocasión sobre o acceso á dita información que temos os grupos municipais, sobre a documentación relativa aos asuntos a tratar en plenos e comisións, sobre se a información a facilitar debe ser autorizada previamente, sobre a posibilidade de recibir copias da documentación, sobre o seu formato, sobre a forma de envío para facérnola chegar (presencial, pen, papel, email, Wettransfer...) e todos, a priori, deberíamos estar de acordo en que a información debe estar clara, accesible e, a ser posible, que non xere un gasto excesivo de copias en papel.

Algunhas opcións sería Google Drive o Dropbox, para a documentación dos órganos necesarios.

Google Drive ofrece máis seguridade, nunha carpeta compartida pódese determinar que usuarios poden ou non ter acceso a segundo que documentación. O espazo de almacenamento dependerá da capacidade que se contrate.

A carpeta mencionada pode servirnos como ferramenta de acceso áxil e ordenado á documentación, podendo consultar en calquera momento e dende calquera dispositivo documentación de comisións, de plenos anteriores, informes, actas, proxectos, etc., sen necesidade de descargala.

Por iso, e ata que o concello se atope en disposición de dotarse de novas aplicacións tecnolóxicas con ferramentas que melloren o seu traballo e o funcionamento das xestións municipais, o Grupo Municipal de Ciudadanos Cambre trae a este pleno o seguinte rogo:

A creación dunha conta de Google Drive onde almacenar e compartir:

- a) Toda a documentación relativa á actividade municipal da que forman parte os grupos políticos
- b) Toda a documentación que se xere a partir dese momento e á cal podamos ter acceso sen necesidade de autorización previa
- c) Unha reunión de toda a Corporación, previa á súa creación, onde cada grupo achegue a súa idea de como clasificar todo o contido a subir e para debater cal pode ser a mellor opción
- d) Realizar un seguimento do funcionamento da ferramenta nas xuntas de voceiros, onde achegar melloras ou corrixir erros

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, presidente desta sesión, expón que unha vez falado cos técnicos, eles mesmos lles din que en certa parte non habería problema ningún para subir as convocatorias dos plenos e certas informacións sen ter que pedir autorización previa, pero hai outro tipo de informacións, de documentación, que pode ser sensible, e teñen as súas dúbidas sobre a seguridade da plataforma.

Entón o que lle pediría é tratar este punto na vindeira xunta de voceiros, porque ten pendente aínda varias reunións, con Informática, coa secretaria, e poder tratar así o tema un pouco máis en profundidade. Xa lle di que non habería problema con certos documentos, que si se poderían subir, pero que hai outros nos que teñen as súas dúbidas.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), expón que Google Drive ofrece unha seguridade avaliada. Concellos, universidades, despachos de avogados, cinco millóns de empresas, apostan polos



servizos de Google Apps, pola grande cantidade de ferramentas e de funcións de calidade que oferta, e precisamente o máis importante que ofrece é o tema da seguridade.

Pódelles mencionar o Concello de Alhaurín de la Torre, onde a Concellería de Organización, Novas Tecnoloxías e Optimización de Recursos, que por certo en Cambre non teñen, aínda que teñen doce membros no Goberno non teñen unha concellería tan importante como esa, pois ese concello xa se mudou a Google Apps no 2012, e o que din é que non soamente teñen acceso ao correo electrónico, como antes, senón que dispoñen de ferramentas que melloran o seu traballo e o funcionamento das xestións municipais.

Outro exemplo, o Concello de Villajoyosa, que tamén ten implantado Google Apss como plataforma tecnolóxica, e tanto o correo como o resto das ferramentas son colaborativas.

Di que o Goberno incluíu este tema no proxecto Edusi. Efectivamente non se obtiveron esas axudas, e Ciudadanos o que trae aquí non é unha suxestión tan grande, é máis pequena, están falando de empezar pola información dos grupos municipais. Loxicamente Drive abarca unha serie de ferramentas para concellos que se incluírían no que había no proxecto Edusi, pero non é iso o que piden agora. Agora piden algo moito máis sinxelo para ir empezando. Simplemente trátase de mellorar o traballo e o funcionamento das xestións municipais.

Continúa dicindo que se desexan tratalo máis extensamente nunha xunta de voceiros, poden facelo sen ningún problema, pero di que a seguridade dende logo en Drive non é un problema, incluso é un dos motivos polo que máis se aposta por iso, sen esquecer o seu baixo custo, porque é moi económico.

Seguramente o que habería que facer, para non usar un correo terminado en gmail, sería comprar un dominio, que pode custar 10 euros ao ano, con ese dominio crear as contas e esas contas vinculalas a Drive, e así xa poderían perfectamente traballar con contas cun dominio propio do Concello de Cambre.

Se o desexan, onte teñen comprobado que hai un dominio que podería ser útil para isto, que está libre, e poderían mandarllo por whatsapp, por se lle interesa ao Concello rexistrar ese dominio para levar isto a cabo.

Conclúe dicindo que, respecto dos movementos de mans que está facendo o Sr. Carballada, se lle permite, dille que tamén as súas intervencións moitas veces se exceden dos seus minutos, e todos o respectan e o escoitan, así que lle pide por favor que el respecte tamén cando os demais están falando.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que el está xa bastante farto da criminalización a que está sometido neste pleno. El levantou a man, educadamente, para pedir unha cuestión de orde, é era que el consideraba, educadamente, que a concelleira se estaba excedendo no seu tempo de intervención. Ademais, el ten dereito a intervir nos rogos. Ten todo o dereito, porque o ampara o Regulamento orgánico municipal cando o rogo non é atendido na súa totalidade.

Polo tanto, se alguén espera que el lle pida desculpas ou cousa parecida por exercer os seus dereitos democráticos no pleno, vai dado.

Intervén o señor presidente para pedirlle calma ao señor concelleiro.

Don Daniel Carballada Rodríguez reitera que pediu a palabra, claro que si, e conclúe preguntándolle á voceira do GM (C's) se a súa intervención foi patrocinada por Google.

Toma a palabra o señor presidente quen se dirixe á voceira para manifestarlle que a postura do Goberno municipal é a favor das novas tecnoloxías, pero o que lle pediu foi que, por varios problemas, este tema se tratase na xunta de voceiros, simplemente lle pediron iso, se é posible.

Dona M^a José García Hidalgo contesta que perfectamente posible, e agradece que atendan a petición.

2º O proxecto de Cambre para optar aos fondos europeos do programa de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado DUSI, foi rexeitado na súa segunda convocatoria por puntuación insuficiente. O proxecto Facendo Cambre obtivo tres insuficientes nos criterios 2.2., 6.4 e 9.3.

En relación co criterio 6.4 o motivo foi que “as liñas de actuación definidas no plan de implementación non foron definidas considerando os resultados de participación pública e son incoherentes con ela ou non foron xustificadas”.

Dado que efectivamente foi moi baixa a participación, no Grupo Municipal Ciudadanos temos unha especial preocupación por axudar a melloralala. En moitos casos porque a información de que se podía participar, segundo temos sabido, non chegou a todos como debera. Temos que facer un esforzo para comunicalo mellor e intentar motivar aos veciños a participar e, unha forma podería ser propoñendo ideas sobre diferentes temas para exercitar a tan necesaria participación, así, poderíamos analizar se se incrementa ou se debemos buscar outras vías. Mediante as ditas actuacións, estaremos mellor preparados para próximas convocatorias.

Ciudadanos trae aquí unha primeira idea e, ademais, coa participación de todos os grupos políticos achegando novas ideas que poderían ser rotatorias, conseguiríamos algo fundamental, como por exemplo, o beneficio que obtivo A Coruña nesta segunda convocatoria para a obtención destes fondos, ao consensuar o seu proxecto co resto dos grupos da Corporación.

Os resultados, se logramos que aumente a participación, será grazas ao esforzo de todos.

Por todo isto a nosa primeira proposta é:

Participación de ideas para mellorar e embelecer os accesos de Cambre.

A localización de Cambre estase configurando como un pequeno nó de comunicacións, sendo a conexión natural entre as súas parroquias e estradas nacionais con polígonos industriais, o que xera diversos accesos ao centro de Cambre.

Estivemos falando da adecuación da estética de todos estes accesos con algúns veciños e manifestáronnos o seu interese e incluso, fíxense, as súas ideas. Algúns destes tramos necesitan mellorar o seu aspecto nas zonas de entrada a Cambre, co fin de adecuar e embelecer o tránsito dende o medio rural ao medio urbano.

Precisamente, os accesos ao noso municipio son a primeira impresión que percibe un visitante, polo que son un elemento fundamental para transmitir unha boa imaxe. Por todo iso, rogamos:

- Que o Concello de Cambre convoque uns concursos de ideas para mellorar e embelecer os accesos a Cambre.
- Que as bases deses concursos sexan redactadas polos servizos técnicos municipais, que sexan individuais para cada acceso e definan e marquen o ámbito de actuación, así como o premio a cada idea gañadora (o premio, é co fin de motivar a participación) e,
- Que o concello execute as actuacións das ideas gañadoras

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, manifesta que non van admitir o rogo, porque cren que non poden facelo. O Goberno, en principio, considera que con esa proposta duns concursos de ideas non está exactamente especificado o que se quere facer con ese programa.

O de embelecer non o entenden, non saben que é embelecer. Eles entenden de ordenar, de facer funcionar un territorio, entenden de facelo compatible, entende de facer infraestruturas, pero non entenden o que é embelecer. Embelecer para eles pode ser, dunha forma non moi clara, colocar algo enriba, para tapar algo e darlle un embelecemento.

Eles cren noutro tipo de formación e noutro tipo de estrutura de organización do territorio. Cren que a maior beleza que pode ter un territorio é ter a súa propia calidade, ter a súa propia enerxía, e as súas propias conviccións, a súa propia cultura e propia identidade. Iso é o mellor que pode ter un territorio, e é o que chama realmente á cidadanía a adquirir e a vir a un territorio.

Non hai maior beleza que un instrumento como é a igrexa de Cambre. Non porque sexa a igrexa de Cambre, senón porque representa a historia, representa todo, unha tradición, representa o que é Cambre hoxe en día, todo ese contido, o contido que ás veces se descoñece, pero que está aí detrás e que realmente lles transmite o que é a esencia e a importancia que tivo Cambre no seu momento.

Consideran que a proposta non está suficientemente valorada. Primeiro propónse que se convoque un concurso. Segundo que o concurso o fagan os técnicos municipais. Terceiro, pregunta para quen é o concurso, porque parece que é para participar, polo tanto é para o público en xeral. Pero se a proposta que fai o público en xeral non é posible despois construíla, pregunta que fan con ela, se lla encargan despois a un técnico. Fala de que se lle dea o premio ao que concursa, pero pregunta quen concursa.

En conclusión, o rogo está algo ambiguo e non poden aceptalo.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), di que está moi claro que o premio se lle dará ao gañador do concurso. Explica que o que busca este rogo quedou ben claro na lectura que fixo, o que busca é fomentar a participación, un dos motivos principais polos que obtiveron tan baixa puntuación no Edusi.

O que fan é traer, humildemente, ideas, para intentar que esa participación mellore. Parece que o Goberno o da participación é que non, que non e que non. Dilles que entón acheguen eles mesmos algunha idea á parte de dicirlles ao resto que non, porque debería preocuparles isto.

Ao Concello da Coruña unha das cousas que lle favoreceu foi o consenso con todos os grupos. E volve repetirle, humildemente, hai que facer actuacións e hai que intentalo, e non que as achegas que Ciudadanos pode traer aquí, ou que pode traer calquera outro grupo, as rexeiten constantemente.

Pregunta o señor concelleiro que é embelecer, pois embelecer ao mellor é ter as cunetas limpas todo o ano. Embelecer, ao mellor, como lles dixo un veciño, é poñer xardineiras de cerámica. Embelecer é que as beirarrúas que están totalmente tapadas pola maleza, estean limpas, e que todo o mundo poida ter accesibilidade.

Embelecer trátase de moitísimas cousas, e non quere dicir que todas as propostas que se traian haxa que executalas, claro que non, soamente as ideas gañadoras. É un proceso simplemente para potenciar a participación. Outra cousa é que, polo motivo que sexa, o Goberno non queira dar saída a este rogo, pero o único do que se trata é de fomentar a participación.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que eles non van entrar no punto de vista técnico sobre se deben ou non embelecer, ou se non se chama embelecer, senón urbanizar, ou mellorar os accesos a Cambre, pero si lles parece interesante o rogo porque pon de manifesto o importante asunto da participación pública, da participación cidadá.

Xa no pleno de orzamentos, cando se trouxeron os orzamentos municipais para este ano, o grupo de Goberno falou duns orzamentos participativos, onde participaban as asociacións de veciños, os cidadáns, e aí o Grupo Municipal Popular sinalou que o proceso de participación cidadá carecía de certos elementos fundamentais que debe reunir un proceso de participación cidadá.

Cren que, aproveitando o rogo que fai Ciudadanos, todos, pero en concreto o grupo de goberno, debe reformularse de novo cal é o sistema de participación cidadá que está levando a práctica. Porque é moito máis complexo do que está facendo o grupo de goberno, non basta con poñer unha caixa de correos, con crear unha rede social, con que 4 ou 5 lle dean a “me gusta” ou que fagan algún comentario. Non é iso.

É un proceso técnico moi complexo e, ademais, ten sido un dos motivos, senón o principal, polo que os fondos europeos non se conseguiron polo Goberno de Cambre. Entón, si que cren que o grupo de goberno debe incidir e reformularse como se vai plasmar o sistema de participación cidadá a partir de agora, e sobre todo con esa negativa experiencia tras o desastre da perda dos 5 millóns de euros.

Don Juan González Leirós insiste en que lles parece que o tema é outro. Quere lembrarles que nos orzamentos municipais houbo algo así como unhas 600 alegacións ou 600 propostas para exercitar. Din que non participaron no Edusi, pero quere lembrarles que cando votaron aquí todos estiveron de acordo e todos dixeron que si. E cando a empresa veu aquí o día anterior ao Edusi, dous días antes, se lles propuxo e todos dixeron que estaban de acordo. Dilles que o Edusi, gústelles ou non lles guste, o teñen perdido todos. Agora teñen a oportunidade de recuperalo.

Antes as manifestacións dos concelleiros do resto dos grupos, don Juan González Leirós di que ben, que é igual, que o teñen perdido eles, e conclúe reiterando que non van admitir o rogo.

Dona M^a José García Hidalgo manifesta que o rogo que facían, a idea ao final era simplemente unha idea máis, como calquera outra que podería ter achegado calquera grupo. A esencia deste rogo era o que dixo a concelleira do PP, era buscar medios, entre todos, para fomentar a participación, porque teñen que exercitala, porque senón, cando veña a próxima convocatoria van ter o mesmo problema, e o Goberno péchase en banda porque si.

O Sr. González Leirós achácao a problemas técnicos, e vale, pode dicirlle que iso de embelecer non o poden facer, pero tamén pode dicir que aceptan o rogo no que é que van intentar, con todos os grupos políticos, fomentar a participación. A idea concreta proposta por Ciudadanos para mellorar e embelecer Cambre non, pero que lles pida outras, e que diga que van ir adiante e van intentar fomentar e explicar aos veciños que hai que participar para poder obter esas axudas e subvencións. Pero non, o Sr. González Leirós péchase en banda a todo.

Conclúe preguntando ao Goberno se de verdade quere fomentar a participación, porque é que un xa se fai moitas preguntas.

4.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/5885 o día 26 de xuño de 2017.

1ª Nos últimos días, os veciños de Cambre volvemos recibir mediante envío postal, un novo panfleto dos remitidos dende as concellerías do BNG en Cambre, esta vez referido á oferta cultural e de ocio programada para o vindeiro verán.

Xa no último pleno, o Grupo Municipal Popular preguntou polo custo dos dous panfletos que con ocasión do evento “Noutrora” celebrado durante dez días no Parque da Igrexa de Cambre, coincidindo coa pasada Semana Santa, ou a programación de primavera das ditas concellerías se enviaron a todos os veciños do noso municipio. A contestación á dita pregunta foi que cada tiraxe destas publicacións custou aos nosos veciños dous mil oitocentos euros (2.800 €).

Na mesma sesión plenaria preguntouse ao equipo de goberno a canto ascendía o custo da primeira entrega das catro previstas para o xornal municipal, ao que a resposta foi que cinco mil cincocentos euros (5.500€), era o custo do dito xornal; o que supón que vinte e dous mil euros (22.000 €) sairán das nosas arcas municipais para pagarlle aos equipos de goberno a súa propaganda política institucional.

Xunto coa falta de respecto polo medio ambiente que supón tal despregue mediático en soporte papel, tampouco se está tendo en conta polo noso Goberno municipal o aforro que para as arcas municipais suporía utilizar exclusivamente as novas tecnoloxías da información e a comunicación, para contactar cos nosos veciños.

De aí que, ante tal dispendio en publicidade, e a requirimento dos nosos veciños, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao señor alcalde de Cambre cal foi o custo desta última actuación publicitaria para o verán.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade contesta que 2.500 euros, que para que se fagan unha idea, son arredor de 167.000 euros menos que os que faltan na caixa municipal do Brincadeira que eles xestionaron, e polo cal agora medio Goberno anterior está metido na xustiza.

Ante as manifestacións no salón de sesións, don Daniel Carballada Rodríguez diríxese ao presidente da sesión para manifestar que acaba de realizar unha intervención netamente política, sen citar absolutamente a ninguén, con total e absoluto respecto, e pide o amparo ante as continuas inxerencias das que é obxecto de maneira reiterada por parte de determinados cidadáns.

Don Juan Mª Abalo Castex, concelleiro do PP, solicita do señor presidente que se retiren as acusacións que se teñen feito, que non se recollan na acta, senón tomaranse as medidas legais oportunas.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille ao concelleiro do PP que loxicamente aproveita, recapacita, xa o ten dito mil veces, e mantén todas e cada unha das palabras que dixo. Faltan 160.000 euros da caixa municipal, ese é un asunto que está na xustiza, e hai xente do anterior Goberno municipal que por esa situación está a día de hoxe sendo investigada. Xa di, máis nada, sen ningún tipo de problema.

Don Juan Mª Abalo Castex manifesta que precisamente, como está nas mans da xustiza o que solicitan é a presunción de inocencia, polo que solicita novamente que se retiren esas palabras, e reitera que en caso contrario se tomarán as medidas pertinentes.

2ª Unha das accións básicas que deben acometer as entidades locais é a de posibilitar aos seus veciños a conciliación da vida laboral e familiar. Para iso, non só é fundamental a dotación de servizos e actividades básicas e complementarias que faciliten esa conciliación ás familias, senón contar cunha previsión adecuada de posibles usuarios, dotacións orzamentarias, de persoal, infraestruturas, etc., co obxecto de evitar situacións indesexables de saturación do servizo ou eventuais desproporcións entre as previsións iniciais e a demanda final. É por iso que todo goberno organizado que pretenda prestar un servizo de tal importancia como é a conciliación, debe saber prever e dar solución a estas eventuais desproporcións que puideran producirse por múltiples factores, os cales deberan ser coñecidos polo concelleiro da área en cuestión para adiantarse ás súas consecuencias.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente na materia, cal foi o número de nenos e nenas, no seu caso, que quedaron excluídos da relación de admitidos/as nos campamentos urbanos de verán e, no caso de haber excluídos, que medidas ten pensado tomar a concelleira da área para resolver esta gravísima situación.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que tamén lles gustaría, se pode ser, que lles aclararan por que se retirou do pleno a aprobación de prezos dos comedores de verán.

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, sinala que esas son dúas preguntas, e pregunta á concelleira popular que prefire que lle conteste, o dos nenos ou a outra.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que lle gustaría que contestara ás dúas, e, ante as palabras do señor presidente que lle indica que é unha pregunta, a señora concelleira solicita que lle sexan contestadas as dúas preguntas e que, a cambio, retiren a terceira pregunta que tiñan presentado por escrito.

Dona M^a Jesús Gómez González contesta que quedaron excluídos, na listaxe de non admitidos, un total de 44 nenos. Deles 31 son empadroados, o resto son fillos de traballadores en Cambre, non empadroados e solicitudes fóra de prazo.

Esta primeira quincena non poden dar cobertura aos non admitidos porque por cuestión de prazos non se puido ter asinado o contrato. O novo contrato si que contempla diferentes medidas para que isto non volva suceder.

Dende a súa concellería seguen traballando, día a día, para mellorar a atención aos veciños.

En canto á retirada do punto dos prezos é debida a que no pleno anterior, cre lembrar que foi, aprobouse que estes asuntos se ditaminaban polas comisións, e que despois os aprobaba a xunta de goberno local, e pide que a corrixan se non é así. Trátase dun prezo público.

Intervén o señor presidente para pedir que o explique o señor interventor, porque están nunha pregunta e aquí non hai debates.

O interventor municipal explica que despois do acordo plenario que se adoptou hai dous plenos, a aprobación dos prezos públicos, logo do ditame da Comisión informativa de Facenda, levarase a aprobación da xunta de goberno local. Delegouse a capacidade de aprobación, o que non se pode delegar é que estea ditaminado pola comisión. Ditaminouse pola comisión, e despois derivouse á xunta de goberno.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/165 o día 23 de xuño de 2017, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª Por motivos de transparencia no labor municipal en relación cos gastos nos distintos eventos e festas que se desenvolven no transcurso do ano, presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta no pleno.

Existe a posibilidade de poñer no portal de transparencia da páxina web do concello os distintos gastos desagregados de todos os eventos que se celebran durante o ano? En caso afirmativo, pensan poñer a dita información en coñecemento dos veciños a través do portal de transparencia?

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade contesta que son dúas preguntas, pero como a resposta é a mesma para as dúas, vai todo de corrido. Di que si, pode levarlles unhas semanas, uns meses, sobre todo agora no verán, pero si ás dúas preguntas, sen ningún tipo de problemas, só faltaría.

2ª Cantos establecementos teñen concedida licenza de terrazas e veladores na vía pública e cantas actuacións se fixeron de oficio para comprobar o cumprimento da ordenanza recentemente aprobada e cantas por denuncias?

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira de Protección Civil, Policía Local e Sanidade sinala que aquí son tres as preguntas e vaille contestar ás tres. Son 57 as licenzas de terrazas. Teñen un policía local que vai cada 15 días a regular todas as terrazas, para comprobar quen cumpre e quen incumpre, e teñen 17 denuncias, as primeiras por carecer de licenza ou ter a licenza caducada, e as outras por exceso de mesas ou de ocupación de vía pública.

3ª Tendo en conta os derradeiros acontecementos relacionados coa seguridade viaria na zona de Casa Celia en Anceis, pode indicar o Goberno que iniciativas e negociacións coa autoridade pertinente vai levar a cabo para no futuro minimizar estes riscos?

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira de Protección Civil, Policía Local e Sanidade contesta que, como saben, a estrada é de Deputación. Trasladáronlle os datos á Deputación, que sabe de sobra os incidentes e problemas que hai. Dende o concello o que van facer é regular máis, poñer máis radar para que non excedan a velocidade, é o único que poden facer dende aquí, xunto con seguir trasladándolle á Deputación o que hai.

Preguntas de C's presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/167 o día 26 de xuño de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Traballan con algunha base de datos (ou existe) de empresas e autónomos que presten servizos ao Concello, así como dos PUC de cada produto por cada un deles?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, presidente desta sesión, explica que cada departamento municipal ten unha base de datos de empresas coas que traballa habitualmente, e onde se inclúen, por suposto, empresas vinculadas co municipio de Cambre, que teñen a súa certa preferencia, sempre e cando sexa posible.

2ª Dende que se formou esta Corporación temos solicitado unha listaxe das asociacións rexistradas en Cambre, o cal sabemos que foi sumamente difícil e laborioso de confeccionar. Segundo se nos informou, o 31 de decembro de 2016 terminou o prazo que tiñan as asociacións para inscribirse. Pasados case seis meses, está terminado para poder solicitalo novamente?

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo contesta que dende a súa concellería ela pode dicirlle politicamente que están terminadas en tempo e prazo. Agora mesmo os datos están en Cultura, onde os están revisando, e se a concelleira necesita algunha información ou necesita calquera cousa, pode pasarse pola súa oficina, daralle toda a clase de información que necesite das asociacións.

3ª No pasado pleno extraordinario do día 15 deste mes, dende C's fixemos mención durante a nosa intervención a propostas que outros concellos incluían nos seus proxectos e que lles puntuou favorablemente. En concreto, puxemos como exemplo os buses híbridos de Arteixo e as bicicletas eléctricas da Coruña.

Na resposta se nos dixo que a ver como ía facer Arteixo para darlle utilidade ás bicicletas eléctricas se aínda non tiñan carril bici na subida a Meicende.

Dado que non permitiron quenda de réplica, nin debate, nin sequera a máis leve e breve pregunta a tan confusa explicación onde mesturaban as propostas cos municipios, preguntamos:

Que pode facer a oposición cando vostedes mesmos se equivocan na súa resposta e non dan opción nin á máis mínima petición de aclaración?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, presidente desta sesión, explica que esta pregunta ía respondela o señor alcalde, e como ata media hora antes deste pleno non se soubo que non podía vir, contestaralle por escrito, ou senón no vindeiro pleno, cando ela desexe, pero será el quen lle responda.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente por delegación, levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia